



**VIII CONGRESO
GALEGO DE
COMUNIDADES DE
MONTES**

RELATORIOS



INDICE

<u>PRIMEIRO RELATORIO:</u>	3
RECOÑOCER A TITULARIDADE VECIÑAL COMO UNHA MÁIS, DISTINTA E EN PÉ DE IGUALDADE DAS TITULARIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS.....	3
A. O monte veciñal e o monte comunal: dúas realidades distintas	3
B. Avatares históricos desta titularidade singular de Galiza.....	6
C. Loita da veciñanza comuneira para non perder estas terras.	8
D. A nova lei de montes veciñais e o seu obxectivo de eliminar o carácter xermánico dos montes veciñais.....	11
E. A recuperación das hectáreas de monte veciñal susceptibles de ser declarados como tales.	13
F. Montes veciñais, reliquias do pasado ou terras cargadas de futuro.	15
G. Estratexia para unha mellor defensa dos montes veciñais.	17
1. Afondar na mellora do funcionamento democrático das comunidades de montes.....	17
2. Troco xeracional e voluntariado.	18
3. Simplificación das tramitacións burocráticas das comunidades de montes.....	21
4. A mellora das comunicacións tanto internas como externas.	23
5. Reivindicar a inclusión do monte veciñal e do funcionamento das comunidades de montes nos currículos escolares en todo os niveis do ensino.....	27
<u>SEGUNDO RELATORIO:</u>	29
CONSIDERAR COMO APROVEITAMENTOS DOS MONTES VECIÑAIS TODOS OS QUE NELES SE DAN.....	29
A. A estratexia do capitalismo mundial da acaparáción das terras e dos aproveitamentos que nelas se dan.....	29
B. O papel que lle queran dar aos montes veciñais nesta estratexia	30
C. Os acaparamentos agresivos:.....	31
1. Monocultivo forestal para producións intensivas (moratoria do eucalipto). ..	31
2. A enerxía eólica e fotovoltaica.	36
3. A minaría e as canteiras.	39
4. Gandaría intensiva e biogás.	42
D. Servizos ecosistémicos: mercantilismo ou servizos universais.	43
1. A captura do CO2.	47
2. O uso social.....	48
3. A función medioambiental.....	50
4. A auga como negocio capitalista.....	52

1

PRIMEIRO RELATORIO

2

RECOÑECER A TITULARIDADE VECIÑAL COMO DISTINTA E EN PE DE IGUALDADE COAS TITULARIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS

3

A)-MONTE VECIÑAL E MONTE COMUNAL: DÚAS REALIDADES DISTINTAS.

4

6 Na Unión Europea e no Estado Español, hai un movemento de
7 defensa dos chamados “bens comúns”. Mais é un movemento que non
8 acepta a existencia dos montes veciñais como unha titularidade de
9 carácter comunitario, é dicir, da veciñanza comuneira, non entendida como
10 un ente administrativo senón como un grupo social. Conciben os montes
11 veciñais como montes comunais: que os primeiros pasen a ser de
12 titularidade pública como o son os segundos. Ou o que ven ser o mesmo,
13 que os montes veciñais pasen de ser titularidades de carácter xermánico
14 para selas de dereito romano e entrar no tráfico do comercio.

15

16 Poden as comunidades de montes tecer vías de colaboración cos
17 movementos de defensa dos “bens comunais”? Poden, mais, para que
18 esta colaboración fose efectiva para a defensa dos montes veciñais, tiñan
19 que recoñecer aos montes veciñais como titularidades distintas e en pé de
20 igualdade coas titularidades privadas e públicas e aceptar as decisións
21 democráticas que tomen as comunidades de montes para a posta en valor
22 dos seus montes veciñais. Colaboración que xa propuxo a ORGACMM
23 nestas condicións e que foi rexeitada polos movementos españois de
defensa dos bens comunais.

24

25 Esta asimilación dos montes veciñais en montes comunais coincide
26 cunha parte da estratexia da Consellaría do Medio Rural, que na nova lei
27 de montes veciñais que pretende aprobar, ten como obxectivo que unha
28 boa parte dos montes veciñais deixen de ser de titularidade veciñal para
29 ser de titularidade dos concellos, alegando incumprimento de cuestións
30 puramente administrativas por parte das comunidades de montes. Mais a
31 gravidade do feito non está somente nesta usurpación. A historia do monte
32 veciñal demostra claramente que a xestión dos montes veciñais por parte
das administracións públicas galegas, maiormente da Consellaría do

33 Medio Rural, foi nefasta. Boa proba disto foi que, cando a Consellaría do
34 Medio Rural, de xeito unilateral, acordou rescindir os consorcios e os
35 convenios, os montes veciñais con esta forma de xestión viñeron con
36 débedas. Por certo, débedas falsas e inxustas e que en boa parte foron
37 anuladas pola xestión reivindicativa das comunidades de montes.

38 Os concellos galegos aínda teñen menos capacidade técnica e
39 económica que a Consellaría do Medio Rural para xestionar os montes
40 veciñais, como fixeron en tempos pasados cando utilizaron o monte para
41 servizos e instalacións que producían rexeitamento nas zonas habitadas.
42 Xa que logo, non é moi difícil asegurar quen serán os xestores dos montes
43 veciñais, roubados á veciñanza comuneira. Serán as empresas
44 madeireiras, de servizos forestais, as multinacionais enerxéticas e grupos
45 de investimento as que controlen o territorio. E estas empresas levarán
46 adiante un modelo de xestión do monte totalmente produtivista. Un monte
47 entendido como negocio capitalista e contrario ao sentir maioritario da
48 veciñanza comuneira, o que se demostra nunha enquisa levada adiante
49 pola profesora Beatriz Zuguizagoita para a súa tese doutoral: as
50 comunidades de montes situaron entre os seus obxectivos o acadar un
51 monte multifuncional e sustentábel moi por diante de acadar un monte
52 veciñal somente produtivista.

53 A outra parte da estratexia da Consellaría do Medio Rural é
54 privatizar o resto dos montes veciñais que non sexan municipalizados,
55 eliminando o carácter de titularidade xermánica destas terras. Podería
56 parecer un contrasentido denunciar que a nova lei de montes veciñais que
57 se pretende aprobar vai proceder a privatizar estas terras cando xa están
58 catalogadas como titularidades de carácter privado (de carácter colectivo),
59 tanto na lexislación estatal como na lexislación galega, incluíndo a lei do
60 dereito civil galego. Mais isto hoxe é somente unha certeza xurídica, unha
61 formulación lexislativa. As leis non teñen carácter perenne, pódense
62 derogar ou modificar.

63 A realidade é ben distinta. Os titulares dunha propiedade individual
64 ou os cotitulares dunha propiedade privada colectiva, teñen a súa
65 propiedade ou a súa copropiedade acoutada. Os montes veciñais en man
66 común son de titularidade da veciñanza comuneira, sen asignación de

67 cotas. Os titulares e os cotitulares, ademais de poder transmitirle a
68 propiedade ós seus herdeiros/as por vontade propia, poden situalas no
69 tráfico do comercio e proceder a vendelas. Nos montes veciñais en man
70 común, aínda que a decisión dos seus titulares fose vendelos, esta
71 operación non se podería levar adiante xa que estas terras, polo seu
72 carácter xermánico, están fora do tráfico do comercio. Fica claro que os
73 montes veciñais non son titularidades privadas, como tampouco son
74 titularidades públicas. Son titularidades distintas, veciñais, comunitarias.

75 Outro exemplo de propiedade veciñal e familiar é a dos baldíos
76 portugueses, unha realidade historicamente igual á nosa. Tampouco se
77 sabe exactamente cando comezaron a existir pero o seu papel na
78 subsistencia das comunidades rurais e a súa importancia ao longo da
79 historia é incuestionábel. Aquelas terras que son de todos e non son de
80 ninguén, hoxe en día están legalmente definidas como un tipo de
81 propiedade colectiva (nin pública, nin privada) xestionada por
82 comunidades locais, coa figura dos *compartes* (ou membros da
83 comunidade), que usaron estas terras ao longo dos tempos. Na lei
84 portuguesa, na que teñen unha normativa específica, están suxeitos ás
85 condicións das entidades non lucrativas e gozan de exencións de impostos
86 propias das persoas colectivas de utilidade pública. Non teñen
87 personalidade xurídica pero si capacidade xurídica.

88 Existen tamén tres cuestións contempladas na lexislación
89 portuguesa interesantes de analizar:

- 90 • 1) O código civil portugués declara que a propiedade dos bens
91 inmóbeis abrangue o espazo aéreo correspondente á superficie, así
92 como o subsolo e o que neles conteñen.
- 93 • 2) A lei de Baldíos considera como aproveitamentos dos baldíos,
94 ademais dos clásicos (agrarios, gandeiros, forestais, pedreiras), os
95 relacionados coa cinexética, enerxía eólica e fotovoltaica, así como
96 as prácticas deportivas e de aventuras, de lecer e de contacto coa
97 natureza.
- 98 • 3) A lei do Réxime das Florestas indica que o Estado ten que
99 responder diante dos Baldíos que se viron privados de parte da súa
100 superficie, así como o pago por parte das administracións públicas
101 dos danos nas accións cometidas por elas.

102 Reforzar o carácter xermánico dos montes veciñais en man común
103 e esixir que se recoñeza a titularidade veciñal como unha máis, distinta e
104 en pé de igualdade, deben ser, a día de hoxe, as reivindicacións que a
105 veciñanza comuneira sitúe nun primeiro plano.

106 B)-AVATARES HISTÓRICOS DESTA TITULARIDADE SINGULAR.

107 Para o liberalismo económico a existencia dunhas terras que
108 estaban situadas fora do tráfico do comercio, ademais de non ser negocio,
109 era un atranco, un anacronismo. Para este sistema político económico a
110 propiedade individual era a propiedade perfecta; aínda que admitían a
111 existencia dalgunha propiedade pública. Esta foi a razón fundamental de
112 que os montes veciñais, dende a promulgación da primeira constitución
113 liberal do Estado Español (Cortes de Cádiz-1812) ate os nosos días,
114 padecesen cinco vagas de agresión e de hostilidade. Con distintas
115 fórmulas, os inimigos do monte veciñal en man común levan 214 anos
116 tentando roubarlle estas terras ós seus lexítimos titulares: a veciñanza
117 comuneira.

118 A primeira vaga agresiva e hostil contra os montes veciñais hai que
119 situala na propia promulgación da primeira constitución do estado español,
120 na cidade de Cádiz no ano 1812. Esta constitución ditaba que samente
121 existían dous tipos de titularidades: a privada e a pública. Os montes dos
122 pobos, chamados baldíos en Galiza, quedaban nunha marxinalidade
123 xurídica, listos para que lle fosen roubados á veciñanza comuneira. A
124 segunda vaga de agresión e hostilidade é a aplicación da filosofía política
125 da primeira constitución liberal do estado española. Así, mediante as leis
126 desamortizadoras dos anos 1836 e 1855, puxéronse en venda, mediante
127 subasta pública, os montes veciñais.

128 A terceira vaga agresiva e hostil contra os montes veciñais
129 prodúcese no ano 1873 coa promulgación da constitución da primeira
130 república española. Esta constitución dita que todos aqueles montes
131 veciñais que non foran vendidos nos tempos das leis desamortizadoras
132 quedaban asimilados ás propiedades dos concellos. A cuarta vaga
133 prodúcese na ditadura franquista. Esta leva á práctica real os principios
134 plasmados nesta constitución e usúrpalle á veciñanza comuneira os

135 montes veciñais para rexistralos como titularidades dos concellos. Esta
136 vaga agresiva e hostil contra os montes veciñais foi a máis violenta contra
137 os intereses da veciñanza comuneira, xa que significou que, tanto na teoría
138 como na práctica, os montes veciñais fóronlle roubados á veciñanza
139 comuneira (impedíndolles drasticamente o seu uso e aproveitamentos).

140 Atopámonos hoxe diante da quinta vaga agresiva e hostil contra os
141 montes veciñais, que está concretada na nova lei de montes veciñais que
142 pretende aprobar a Consellaría do Medio Rural. Mediante esta lei, a
143 administración pública galega, en base aos principios neoliberais,
144 pretende entregarlle as perto de 700 mil hectáreas ás empresas de
145 servizos forestais e ós lobbies por eles artellados, moitos deles empresas
146 multinacionais (enerxéticas, fondos de investimento, eólicas, minería...).

147 As cinco vagas agresivas e hostís contra os montes veciñais en man
148 común tiveron e teñen un obxectivo común: o roubarlle os montes veciñais
149 á veciñanza comuneira. E isto débese a que o sistema capitalista e o
150 sector especulativo non admiten unhas terras nas que non se poden facer
151 negocios, así como tampouco admiten que sexan xestionadas
152 democraticamente polos seus titulares, veciños e familias con interese
153 social comunitario. Os intereses capitalistas, especulativos e urbanísticos
154 non casan coa democracia directa, de base popular, que son as
155 comunidades de montes. Mais a quinta vaga agresiva e hostil contra os
156 montes veciñais ten unha gran diferenza: ven da propia administración
157 pública galega.

158 A veciñanza comuneira atopámonos hoxe coa segunda vaga máis
159 agresiva e hostil, aínda que tamén máis sutil, contra os montes veciñais.
160 Non porque teña un obxectivo distinto, senón porque está planificada
161 dende hai tempo e levan preparando o camiño dende hai bastantes anos.
162 Concretamente dende o ano 2009, ano no que o Partido Popular retorna
163 ao poder da Xunta de Galiza. Dende ese mesmo ano empezáronse a
164 promulgar leis e normativas atacando os principios dos montes veciñais e
165 pondo trabas contra a xestión da veciñanza comuneira (eliminación de
166 axudas para acadar a multifuncionalidade dos montes veciñais, obrigar ás
167 comunidades de montes a pagar as falsas e inxustas débedas dos
168 consorcios e dos convenios, lei de simplificación administrativa (9/2021,

169 de 28 de febreiro), lei da promoción económica (5/2017, de 10 de outubro),
170 lei de recursos naturais (2/2024, do 7 de novembro), obriga arbitraria dos
171 investimentos en mellora forestal, obriga da xestión telemática,
172 profesionalización da xestión dos montes...) e situando o foco da xestión
173 do monte veciñal nun claro indicador económico e produtivo, cando as
174 súas xuntas reitoras son veciños e veciñas todos eles comuneiros e
175 comuneiras.

176 Mais para acadar o obxectivo de roubar os montes veciñais non só
177 usan as normativas e as lexislacións. Usan as noticias nesgadas, e xa que
178 logo falsas e manipuladas, para tentar demostrar unha falsa ineficacia da
179 xestión das comunidades de montes. Así, dun tempo a esta parte, a
180 Consellaría do Medio Rural ven facendo públicas as porcentaxes do
181 cumprimento das comunidades de montes das obrigas administrativas.
182 Din que só as cumpren o 60% das comunidades de montes, dándoo a
183 entender como un dato negativo cando, aínda que non se poda dicir que
184 é positivo, si que é aceptábel. Ou cando fan público que hai un superávit
185 económico, que aparece no envío anual dos investimentos obrigados na
186 mellora forestal, entre os ingresos e os investimentos; cando este
187 documento só reflicte os gastos neste tipo de traballos, non os que invisten
188 as comunidades de montes en obras de carácter social e comunitario ou
189 no fomento da cultura popular galega. A última información falsa para
190 desprestixiar a xestión da veciñanza comuneira atopámola no Pladiga
191 correspondente ao ano 2025. Neste documento aparece por primeira vez
192 que onde máis superficie se queima é nos montes veciñais. Cando o
193 problema non hai que situalo na superficie que se queima, senón nos
194 lugares onde se inician os lumes. A Consellaría do Medio Rural ten datos
195 aportados polos seus propios equipos de investigación e polas forzas de
196 seguridade que demostran que a inmensa maioría dos lumes se inician en
197 montes de particulares.

198 C)-A LOITA DA VECIÑANZA COMUNEIRA NA DEFENSA DAS SÚAS
199 TERRAS.

200 Que a día de hoxe existan na Galiza montes veciñais en man común
201 como titularidades de carácter xermánico débese única e exclusivamente
202 á loita da sociedade rural galega para non perder as súas terras

203 comunitarias. Xa que logo, a verdadeira historia dos montes veciñais en
204 man común é a loita da resistencia da sociedade rural galega para non
205 perder a súa titularidade dos montes veciñais. Nesta loita a sociedade rural
206 galega empregou diversos e distintos métodos.

207 Para facer fronte á primeira e á segunda vaga, a sociedade rural
208 galega presentou reclamacións diante das administracións públicas, levou
209 adiante preitos polo dereito de propiedade e, sobor de todo, impediu que
210 se realizaran subastas públicas para pór en venda os montes veciñais.
211 Contra a terceira vaga de agresión e hostilidade contra os montes veciñais
212 o método empregado foi a desobediencia civil. Oficialmente, os montes
213 veciñais en man común eran de titularidade dos concellos, mais a
214 sociedade rural galega seguíunos usando como o viña facendo dende
215 tempos inmemoriais. Ben é certo que para esta desobediencia civil houbo
216 situacións que axudaron. A primeira foi que en Galiza a administración do
217 estado a través dos concellos era artificial; o asentamento da poboación
218 galega no territorio situábase en lugares, aldeas, parroquias e, polo tanto,
219 a sociedade rural galega seguiu usando os montes veciñais como o
220 viñeran facendo dende sempre. A loita pola defensa da titularidade dos
221 montes veciñais forma parte da idiosincrasia do país, este tratamento da
222 propiedade como elemento de gobernanza dos veciños/as comuneiros/as
223 é outro elemento diferencial, como a lingua.

224 A segunda cuestión que axudou a esta desobediencia civil da
225 sociedade rural galega na defensa dos seus montes veciñais foi o ser o
226 monte veciñal o soporte do complexo agrogandeiro e o arraigo que tiñan
227 estas terras na poboación. Boa proba disto podémola ter botando unha
228 ollada ás actas dos concellos anteriores á guerra civil. Naqueles
229 momentos os montes veciñais eran oficialmente de titularidade municipal
230 mais, cando as corporacións municipais consideraban algún
231 aproveitamento ou algún uso do monte veciñal, pedíanlle consentimento e
232 mesmo aprobación á veciñanza dos lugares, aldeas ou parroquias.

233 A vaga máis agresiva e hostil contra os montes veciñais foi a cuarta,
234 a que tivo lugar na ditadura franquista. Foi a máis agresiva e hostil porque,
235 pola forza, a sociedade rural galega, durante 30 anos consecutivos,
236 quedou sen montes veciñais en man común. Diante desta cuarta vaga a

237 sociedade rural galega tampouco se resignou, tampouco foi submisa.
238 Ofreceu resistencia. Nesta loita de resistencia podemos distinguir dúas
239 fases. A primeira podemos situala ate a década dos 70 do século pasado
240 e desenvolveuse illadamente en cada monte veciñal. Os métodos desta
241 loita de resistencia foron diversos, entre os que cómpre destacar o das
242 destrucións das plantacións e a de impedir que o Patrimonio Forestal do
243 Estado entrase nos montes veciñais para facer as plantacións. Esta loita
244 da resistencia non foi doada para a sociedade rural galega: padeceu
245 multas, sancións, cadea e morte. O día 22 de xaneiro do ano 1963, na
246 parroquia de Eirón, no concello de Mazaricos, foi asasinado un veciño
247 comuneiro cando, xunto con outros/as veciños/as comuneiros/as, tentaba
248 impedir que lles roubasen o seu monte veciñal.

249 A segunda fase da loita da resistencia da sociedade rural labrega
250 dáse na década dos 70 e nos primeiros anos da década dos 80 do século
251 pasado. Nesta fase da loita dáse un salto cualitativo en dous aspectos. Un
252 no ámbito territorial, pasando dunha loita individual en cada monte veciñal
253 a unha loita xeral pola devolución dos montes veciñais; é o momento no
254 que se constitúe a Coordinadora de montes de Pontevedra. Outro no
255 aspecto organizativo: comeza a organización da veciñanza para que se
256 iniciasen os expedientes de tramitación para a recuperación dos montes
257 veciñais.

258 Somentemente por mor desta loita de resistencia da sociedade rural
259 galega na defensa das súas terras comunitarias pode entenderse que en
260 pleno franquismo (1957) se promulgase unha lei de montes do Estado, na
261 que se recoñecía a existencia, nas provincias de A Coruña, Lugo, Ourense
262 e Pontevedra, de montes pertencentes en man común aos veciños das
263 consuetudinarias parroquias (cosa que non aconteceu noutras zonas do
264 Estado Español). Ou que no tardofranquismo (1968) se promulgase unha
265 lei de montes veciñais na que se definen como titularidades de carácter
266 xermánico. Así, no seu articulado pódese ler “Os montes veciñais en man
267 común pertencen aos veciños agrupados en parroquias, aldeas, lugares,
268 casaríos, barrios e outros asimilados, non constituídas formalmente como
269 entidades municipais que, con independencia da súa orixe, viñéranse
270 aproveitando consuetudinariamente polos integrantes destas agrupacións
271 en calidade de membros das mesmas“. Vai ser esta lei de montes veciñais

272 a ferramenta usada pola sociedade rural galega para incoar os primeiros
273 expedientes de clasificación dos montes veciñais.

274 A veciñanza comuneira de hoxe debemos sentirnos orgullosos
275 desta loita de resistencia de veciñanzas comuneiras pasadas. Sobor de
276 todo polos resultados reais acadados. Cousa que non ocorreu, nin ocorre,
277 no resto do Estado Español. Como caso máis relevante podemos citar a
278 veciñanza rural dos nosos veciños/as asturianos, por ser estes os mais
279 reivindicativos do resto do estado na loita pola recuperación dos seus
280 montes veciñais. Este movemento ten máis de 30 anos de existencia e,
281 ate hoxe, somente recuperaron unha moi mínima parte das súas terras
282 comunitarias (a día de hoxe so o 3% dos montes asturianos son veciñais).
283 E esta recuperación non foi debido a que lle arrincaran ao goberno de
284 Asturias unha lei de montes veciñais que recoñecese estas terras
285 comunitarias. Acadáronos mediante preitos civís polo dereito de
286 propiedade. A razón desta situación hai que busca en que nestas terras
287 non houbo loita histórica da veciñanza pola defensa das terras
288 comunitarias.

289 D)-A NOVA LEI DE MONTES VECIÑAIS E O SEU OBXECTIVO DE
290 ELIMINAR O CARÁCTER XERMÁNICO DOS MONTES VECIÑAIS.

291 Hoxe, o instrumento co que os intereses capitalistas, especulativos
292 e urbanísticos queren roubarlle os montes veciñais á veciñanza comuneira
293 atópase na lei de montes veciñais en man común que pretende aprobar o
294 Partido Popular no Parlamento Galego. O obxectivo desta nova lei de
295 montes veciñais, que é eliminar o carácter xermánico destas terras para
296 proceder, ben á súa municipalización ou á súa privatización, está
297 deseñado no chamado Libro Branco para a regulación dos
298 montes veciñais.

299 Así, neste chamado Libro Branco pódese ler que os montes veciñais
300 que non cumpran obrigas burocráticas pasarán a ser de titularidade dos
301 concellos (elimina o carácter de inalienábel), que para que un monte sexa
302 declarado como veciñal a veciñanza terá que demostrar un uso continuado
303 do mesmo (elimina o carácter de imprescritíbel, ademais de legalizar as
304 usurpacións que padeceron os montes veciñais, maioritariamente durante

305 a ditadura franquista), inventa novos montes veciñais, sumando montes
306 veciñais de lugares e de aldeas para convertelos nun monte veciñal novo
307 ou mesmo unificando nun só todos os montes veciñais que conforman
308 unha mancomunidad de montes (elimina o principio de consuetudinario
309 dos montes veciñais) ou que tamén terán a condición de veciño/a
310 comuneiro/a aquelas persoas que, aínda que vivan fora do lugar, da aldea
311 ou da parroquia, naceran nestes lugares (elimina o carácter de terras
312 abertas e sen asignación de cotas).

313 Para culminar esta eliminación do carácter xermánico dos montes
314 veciñais, é dicir, para roubarllos á veciñanza comuneira de cara a
315 municipalizar algúns montes veciñais e privatizar os restantes, o chamado
316 Libro Branco para a regulación dos montes veciñais establece dotar ás
317 comunidades de montes e ás mancomunidades de personalidade xurídica.
318 Isto significa sinxelamente que estas terras comunitarias deixarán de
319 actuar no dereito xermánico para actuar no dereito romano, é dicir, para
320 entrar no tráfico do comercio. A partir deste momento estas terras
321 comunitarias poderanse vender, mercar e transmitir (elimina o carácter de
322 indivisíbel e inembargábel).

323 O chamado Libro Branco para a regulación dos montes veciñais
324 establece outras cuestións que se poden considerar menores, pero que
325 tamén van no camiño de que os montes veciñais en man común
326 desaparezan do territorio galego. Así expón: que os montes veciñais en
327 man común que non teñan aproveitamento forestal deixarán de estar baixo
328 a normativa sectorial da Consellaría do Medio Rural para pasar a estar
329 baixo as diversas normativas sectoriais (Industria ,Urbanismo...); a
330 eliminación dos xurados provinciais de clasificación de montes veciñais,
331 obrigando a que a veciñanza comuneira que pretenda que un monte se
332 declare como veciñal en man común teña que dirixirse á xurisdición
333 ordinaria presentando un preito polo dereito de propiedade.

334 Xa outras leis aprobadas, con maior ou menor présa neste anos
335 pasados, ou outras que están agora mesmo en tramitación, veñen
336 socavando este carácter xermánico das comunidades, xa que
337 transversalmente inflúen directamente sobre o territorio, o ambiente e os
338 recursos que se atopan neles, para ser principalmente os intereses

339 económicos os beneficiados. Sendo promovidas estas por grupos de
340 presión (asociacións e clusters) que veñen da man de iniciativas privadas
341 interesadas no espolio e administracións que achanzan o terreo co falso
342 discurso do beneficio social. Así é que a loita contra esta nova lei de
343 montes vese como única ferramenta de defensa real para o presente e o
344 futuro das comunidades das terras veciñais e en man común.

345 Utilizan como argumento prioritario parar a alarma SOCIAL,
346 segundo eles creada polos preitos presentados polas comunidades de
347 montes e gañados en sentenzas xudiciais, xustamente, para recuperar
348 monte regalado polos concellos pola nefasta xestión realizada neles,
349 utilizados para crear unha rede de clientelismo e caciquismo. Curioso que
350 en ningún momento servira de reflexión para asumir as responsabilidades
351 da mala xestión e o mal uso que fixeron os concellos dos montes veciñais
352 en man común, tanto na cesión gratuíta, só pagada en favores políticos,
353 como na súa xestión ambiental: repoboacións salvaxes e introdución de
354 especies hoxe declaradas invasoras, que hoxe en día reflíctese nunha
355 difícil xestión polos veciños/as comuneiros/as da herdanza recibida.

356 Ante esta quinta vaga agresiva e hostil contra o monte veciñal, a
357 veciñanza comuneira xa deu un primeiro paso desta nova loita de
358 resistencia para non perder as súas terras comunitarias. Foi a
359 presentación, mediante unha Iniciativa Lexislativa Popular, dun proxecto
360 de lei de montes veciñais. Unha lei que, elaborada polas comunidades de
361 montes en asembleas territoriais, foi avalada por 12.010 sinaturas. O
362 seguinte paso nesta nova loita de resistencia terá que darse cando se
363 coñeza o borrador da nova lei de montes veciñais que pretende aprobar a
364 Consellaría do Medio Rural. Este novo paso na loita terá que incluír entre
365 outras cousas a presentación de achegas, a presentación de iniciativas
366 parlamentares e sobor de todo a mobilización.

367 E)-A RECUPERACIÓN DAS HECTÁREAS DE MONTE VECIÑAL
368 SUSCEPTÍBEIS DE SER DECLARADAS COMO TALES.

369 Diversos estudos sinalan que, das hectáreas de monte que hai no
370 territorio galego, unhas 400.000 poderían ser declaradas como montes
371 veciñais en man común. A situación na que se atopan estas hectáreas de

372 monte susceptíbeis de ser declaradas como veciñais en man común son
373 dispares. Unhas están ocupadas por servizos públicos de diversas
374 administracións e outras están en mans de empresas ou de particulares.
375 Esta situación débese ás decisións dos concellos cando na ditadura
376 franquista lle foron usurpados os montes veciñais á veciñanza comuneira
377 a favor dos devanditos concellos.

378 Fica claro que esta situación é derivada dunha ilegalidade. Xa que
379 logo, a alternativa xeral ten que pasar en primeiro lugar porque a lei de
380 montes veciñais en man común declare como nulos de pleno dereito todos
381 os actos de disposición levados adiante nos montes veciñais antes de que
382 estes fosen recuperados pola veciñanza comuneira. Logo, como as
383 situacións destes montes veciñais son dispares, as alternativas deberían
384 ser distintas.

385 No caso daqueles montes veciñais en man común onde están
386 situados servizos públicos de distintas administracións, estas teñen que
387 recoñecer que as terras onde se asenta o servizo é monte veciñal. Logo,
388 a comunidade de montes, pasando o tema pola súa asemblea xeral,
389 debería acordar manter o contrato coa administración pública polo tempo
390 que dure o servizo público que se asenta no monte veciñal. No caso de
391 que o monte veciñal estivese usurpado por unha empresa, o monte veciñal
392 será recuperado automaticamente, podendo decidir a comunidade de
393 montes asinar coa empresa un novo contrato de cesión ou alugueiro da
394 terra.

395 No caso dos montes veciñais usurpados en beneficio de
396 particulares, aínda que poidan darse situacións de carácter humano (estar
397 construída vivenda unipersoal no monte veciñal), a lei de montes veciñais
398 debe decretar a ilegalidade destas usurpacións. Xa que logo, o
399 beneficiario/a desta usurpación debe recoñecer que as terras nas que está
400 construído o seu ben é monte veciñal. E a partir de aí, chegar a un acordo
401 mediante diversas figuras como poden ser cesións ou permutas. O
402 beneficiario/a desta usurpación do monte veciñal ten que ter claro, porque
403 é de xustiza, que se se sinte prexudicado co acordo a que se chegue, o
404 culpábel non é a comunidade de montes, senón quen lle cedeu ou lle
405 vendeu unhas terras a sabendas de que non eran deles, xa que eran

406 monte veciñal: os concellos. A estas administracións públicas son ás que
407 teñen que presentarles as reclamacións, no caso de que se sintan
408 danados ou prexudicados.

409 Na reclamación das catrocentas mil (400.000) hectáreas
410 susceptíbeis de ser declaradas como montes veciñais en man común,
411 tamén hai que situar aqueles montes que non foron declarados como
412 veciñais en man común polos xurados provinciais de clasificación,
413 incumprindo a lei de montes veciñais actualmente vixente (a de 1989), ao
414 non declaralos como tales por razóns de superficie, uso non forestal ou
415 por atoparse dentro de figuras de protección medioambiental. A nova lei
416 de montes veciñais debe reflectir claramente que o único fundamento para
417 que un monte se clasifique como de veciñal en man común é a
418 demostración de que foi de titularidade veciñal dende tempos inmemoriais.
419 No caso daqueles montes que xa estaban clasificados e que foron
420 desclasificados en base ás argumentacións antes citadas, a nova lei de
421 montes veciñais en man común deberá declarar nulas de pleno dereito
422 estas desclasificacións dos xurados provinciais e devolverlle o monte
423 veciñal á veciñanza comuneira.

424 F)-RELIQUIAS DO PASADO OU TERRAS CARGADAS DE FUTURO.

425 Diversos organismos internacionais, como poden ser a ONU, a FAO
426 ou a mesma Unión Europea, manifestan que o futuro dos montes pasa
427 porque estas terras non estean en poucas mans e que os titulares dos
428 mesmos sexan os e as protagonistas da súa posta en valor. Esta
429 perspectiva de futuro que propoñen estes organismos internacionais leva
430 sendo unha realidade en Galiza dende tempos inmemoriais. Chámanse
431 montes veciñais e comunidades de montes, respectivamente. Os
432 primeiros porque están en moitas mans e as segundas porque son as que
433 deciden democraticamente como pólas en valor.

434 A pesar disto, a Consellaría do Medio Rural, mediante a aprobación
435 da nova lei de montes veciñais, pretende que estas terras volten ao
436 pasado. De feito, hoxe podemos afirmar que a veciñanza comuneira se
437 atopa nun momento crítico. Nun momento en que os montes veciñais en
438 man común poden ou seguir sendo terras cargadas de futuro ou

439 converterse en reliquias do pasado. Reliquias que estarán metidas nunhas
440 furnas de calquera museu etnográfico que, por suposto, estará situado en
441 calquera cidade ou vila galega e non no medio rural.

442 Que hoxe a supervivencia dos montes veciñais se atope nunha
443 situación crítica non quer dicir que esta sexa unha situación irreversíbel.
444 Que hoxe existan os montes veciñais débese á loita da sociedade rural
445 galega para non perder as súas terras comunitarias. Porque, a pesar do
446 que afirman algúns sectores, a sociedade rural galega nunca foi submisa,
447 resignada. Deixando aparte as mobilizacións de carácter obreiro, na
448 Galiza, no tardofranquismo e nos albores da democracia, as grandes
449 mobilizacións e as grandes reivindicacións foron protagonizadas pola
450 sociedade rural galega. Aí están os encoros do Lindoso e de Castrelo do
451 Miño, a cota empresarial agraria, as Encrobas, as marismas de Baldaio, a
452 central nuclear de Xove... e a recuperación dos montes veciñais.

453 É mais antiga a organización dos comuneiros/as para a xestión e
454 defensa do monte veciñal e os seus aproveitamentos que as novas leis
455 promulgadas para os ámbitos de protección medioambiental (que son a
456 usurpación da xestión dos veciños no territorio) e que as leis do litoral (os
457 veciños comuneiros nunca invadiron nin prexudicaron coa súa xestión o
458 mar nin os ríos).

459 Mais, a pesar de todo isto, esta historia non estaba contemplada na
460 lei española da memoria democrática ata o pasado mes de outubro de
461 2025. Grazas á excelente laboura feita polo Instituto Galego das Terras
462 Comunitarias (INGATECO) o Ministerio de Política Territorial e Memoria
463 Democrática recoñeceu a morte de José Esperante París ("Che de
464 Pedro"), veciño de Eirón, no concello de Mazaricos, o día 22 de xaneiro de
465 1963 como represaliado polo franquismo na defensa das terras veciñais.
466 A veciñanza comuneira debe reclamar ás diversas asociacións galegas de
467 memoria democrática que a historia dos montes veciñais pase a formar
468 parte dos seus traballos. Porque unha cousa é que se coñeza a historia
469 dos montes veciñais e cousa ben distinta é que os montes veciñais pasen
470 a ser historia.

471 G)-ESTRATEGIA PARA UNHA MELLOR DEFENSA DOS MONTES
472 VECIÑAIS.

473 1-Afondar na mellora do funcionamento democrático das comunidades de
474 montes.

475 O funcionamento das comunidades de montes é un funcionamento
476 democrático directo, popular, de base. Cada veciño/a comuneiro/a é un
477 voto; e todos os veciños/as comuneiros/as teñen o dereito a formar parte
478 das xuntas reitoras. Mesmo o órgano de goberno representativo das
479 comunidades de montes, as xuntas reitoras, só teñen a función de
480 executar os acordos das asembleas xerais. Xa que logo, debemos
481 combater unha corrente clasista e elitista, que considera que para ser
482 membro dunha xunta reitora hai que ser técnico/a de montes ou forestal.
483 Os compoñentes das xuntas reitoras non son nin axentes forestais nin
484 axentes de montes. Son axentes sociais, cuxa función, ademais de
485 executar os acordos das asembleas xerais, debe ser asegurar o
486 funcionamento democrático das comunidades de montes.

487 As eleccións ás xuntas reitoras fanse mediante o sistema de
488 maiorías. A candidatura que gaña as eleccións ocupa todos os postos. Se
489 cadra, podería ser o intre de pór en debate se non sería mellor que as
490 xuntas reitoras das comunidades de montes fosen elixidas por outros
491 métodos. As asembleas xerais das comunidades de montes son
492 soberanas, só teñen que cumprila lei. Elas son as teñen que decidir que
493 tipo de elección queren.

494 As asembleas xerais son a expresión máxima da democracia das
495 comunidades de montes. Ao mellor sería interesante que os estatutos das
496 comunidades de montes contemplasen a obrigatoriedade da celebración
497 de dúas asembleas xerais anuais. Como tamén sería interesante que, ante
498 problemas de certo calado que teñan que resolver as xuntas reitoras, se
499 convocasen asembleas xerais para acordar a resposta. No mesmo senso,
500 os estatutos das comunidades de montes deberían recoller a obriga de
501 convocar as asembleas xerais de carácter extraordinario cando sexan
502 solicitadas polo 20% da veciñanza comuneira.

503 As asembleas xerais son foros de debate e de participación, son
504 escolas sociais que xeran hábitos democráticos e sentimentos de
505 solidariedade, cooperación e pertenza á comunidade. Para que isto
506 aconteza, os compoñentes da asemblea xeral teñen que ter coñecemento
507 da documentación que se precisa para debater os temas. Xa que logo, as
508 xuntas reitoras das comunidades de montes, nestes casos, deberían
509 asegurar que a veciñanza comuneira teña coñecemento desta
510 documentación con tempo de antelación.

511 2-Troco xeracional e voluntariado.

512 Se cadra, a cuestión non está tanto no troco xeracional (xeracións
513 novas), como na necesidade da renovación continua dos órganos de
514 goberno das comunidades de montes. Aínda que ámbalas dúas cuestións
515 están relacionadas xa que, para asegurar a supervivencia das
516 comunidades de montes en mans da veciñanza comuneira, a veciñanza e
517 as novas xeracións teñen que incorporarse, primeiro como veciñanza
518 comuneira e logo aos órganos de goberno das comunidades de montes.
519 Cuestión que xa se acadou en tempos pasados, sobor de todo, cando se
520 recuperaron os montes veciñais. Estaría ben fomentar a incorporación da
521 veciñanza comuneira menor de idade cunha figura como a "cativada
522 comuneira".

523 O troco xeracional na renovación dos órganos de goberno non é un
524 problema exclusivo das comunidades de montes; acontece nas outras
525 entidades da "sociedade civil organizada". E xa que logo, é un problema
526 social. Na sociedade actual, impregnada por un individualismo rampante,
527 non se valora o formar parte da sociedade civil organizada. Isto podémolo
528 comprobar se botamos unha ollada ao noso arredor: as mesmas persoas
529 que están nos órganos de goberno das comunidades de montes están nas
530 xuntas directivas das asociacións de veciños e veciñas, nas entidades
531 culturais, anpas...

532 Se observamos a composición das asembleas xerais nas
533 comunidades de montes de vilas con considerábel poboación ou próximas
534 ás cidades, pode parecer que a renovación dos órganos de goberno das
535 xuntas reitoras, e mesmo o relevo xeracional, son doados de acadar. Mais

536 o certo é que isto non acontece, xa que as persoas que poderían facelo
537 non dan o paso. As xuntas reitoras actuais deberíamos dedicar tempo a
538 romper con esta situación.

539 Se ben esta situación das comunidades de montes é a real e non é
540 para estar satisfeitos, tampouco é como para caer no pesimismo. Porque
541 na realidade social galega na que nos atopamos podemos ver que, nas
542 zonas con poboación, entre as entidades da sociedade civil organizada,
543 as que mellor funcionan son as comunidades de montes. E nas zonas con
544 pouca poboación, as únicas entidades da sociedade civil organizada que
545 existen son as comunidades de montes.

546 As comunidades de montes veciñais en man común preséntanse
547 como entidades onde o factor común na súa xestión pode entenderse
548 tamén como puro voluntariado. Cando se fala de voluntariado dentro das
549 actividades das comunidades de montes case sempre nos lembramos de
550 exemplos como o de eliminación de especies invasoras, arranxos no
551 patrimonio, organización de eventos e festas veciñais, repoboacións e un
552 longo etcétera de exemplos que podemos buscar en cada unha delas.
553 Pero ás veces esquecemos que a propia xestión da comunidade de
554 montes e dos seus respectivos montes veciñais é un acto de voluntariado
555 en si mesmo. Este feito é de gran valor e a ter en conta xa que representa
556 a afirmación de que se busca un ben común na súa xestión, favorecendo
557 tamén co exemplo a participación asemblearia da veciñanza comuneira na
558 toma de decisións.

559 Cando falamos da necesidade de asegurar un troco xeracional nas
560 comunidades de montes debemos aproveitar este novo concepto de
561 voluntariado das novas xeracións para dar a coñecer os nosos montes
562 veciñais, que os valoren e os coiden nun futuro.

563

564 O concepto de troco xeracional vai entrelazado ao concepto de
565 voluntariado. Cantas máis actividades e traballos comunitarios e de
566 voluntariado fagamos nos nosos montes veciñais, máis xente nova, veciña
567 da parroquia ou non, vai coñecer a cultura do Monte veciñal e do labor das
568 correspondentes Comunidades de montes veciñais que os xestionan.
569 Tamén debemos mencionar que en moitas destas actividades de

570 voluntariado participan moitas mulleres e pode ser unha ventá de entrada
571 a este sector do monte do que antigamente foron excluídas, favorecendo
572 un troco xeracional diverso.

573 Tamén cabe mencionar que se están dando varios casos nos que
574 os Montes veciñais recuperados e con novas clasificacións nos Xurados
575 provinciais van da man de xente de idade medianamente nova, con ganas
576 e ilusión de traballar na xestión desas novas e constituídas Comunidades
577 de montes veciñais en man común. Na maioría destas novas comunidades
578 de montes arráncase cun orzamento mínimo na súa tesourería e o traballo
579 voluntario da veciñanza comuneira e da sociedade en xeral pode axudar
580 e moito a comezar.

581 Deberíamos tamén reflexionar nun debate interno no que teríamos
582 que analizar o escenario que se presenta á nova veciñanza comuneira na
583 maioría das comunidades de montes actuais, referíndonos aos tempos
584 nos cargos que por cuestións diversas se asentaron nas xuntas reitoras.
585 Cargos que duran varias décadas e que de boa fe se mantiveron no tempo
586 pero que poden presentarse como un factor negativo á hora de animar ás
587 novas xeracións a coller algún cargo na correspondente xunta reitora da
588 súa comunidade de montes. Sería conveniente traballar internamente nas
589 xuntas reitoras para crear pequenos grupos de traballo e que o peso das
590 diferentes actividades non supoñan unha carga excesiva para só un grupo
591 reducido de persoas. Deste xeito axudaremos ás novas incorporacións a
592 sentirse partícipes das xestións e proxectos a facer. Tendo grupos de
593 traballo axudaremos ao relevo xeracional sen deixar desatendido o monte
594 veciñal.

595 No troco xeracional tamén entra o factor xa arraigado dende hai
596 anos de que os sectores primarios relacionados co rural son
597 desprestixiados pola sociedade en xeral, polo que as novas xeracións non
598 se senten atraídas a incorporarse e querer aportar. De aí o papel positivo
599 do voluntariado para darnos a coñecer, sendo máis eficaz con axuda das
600 novas tecnoloxías. Tamén existe unha franxa de idade moi difícil na que
601 facerse comuneiro ou comuneira, a que cubre entre os 18 e os 35 anos,
602 xa que nesa idade a maioría aínda non ten oficio establecido nin fogar
603 onde asentarse. A linguaxe inclusiva, as inquiredanzas ou os intereses

604 destas novas xeracións tamén deben terse en consideración para que
605 poidan sentirse partícipes do modelo veciñal de comunidade e non vivindo
606 na indiferenza.

607 No camiño mutuo do troco xeracional e do voluntariado teremos que
608 ter en conta que as comunidades de montes deberían desenvolver
609 actividades que estean no sentir de cada franxa da poboación. Hai algunha
610 comunidade de montes que desenvolveu, con éxito, accións de
611 voluntariado para a vixilancia dos lumes do territorio; accións que,
612 adaptadas, poderían desenvolverse noutras comunidades de montes. Así
613 como propoñer outras accións para levar adiante este voluntariado.
614 Actividades como poden ser repoboacións forestais en colaboración coa
615 comunidade educativa, defensa do medio ambiente, coidados e difusión
616 de restos patrimoniais, inventario das especies forestais, da fauna e da
617 flora, festas populares, deportes ao ar libre... Para que sexan efectivas,
618 todas estas actividades, aínda co soporte das comunidades de montes,
619 han de ter como protagonistas a franxa de poboación á que van dirixidas.

620 3-Simplificación das tramitacións burocráticas das comunidades de
621 montes.

622 As comunidades de montes son as veciñas que se organizan para
623 xestionar os seus montes veciñais. A pesar disto, a lexislación obriga ás
624 comunidades de montes a realizar as xestións burocráticas perante as
625 distintas administracións públicas samente de xeito telemático. Son
626 trámites complexos, que hai que facer en plataformas complicadas de
627 entender. Se a todo isto, lle engadimos o envellecemento da poboación,
628 coa conseguinte fenda dixital e o escaso ou nulo acceso ao internet nas
629 zonas rurais, esta dixitalización obrigatoria constitúe un obstáculo para a
630 autoxestión dos trámites burocráticos necesarios para levar unha
631 comunidade de montes. Por todo isto, é moi habitual acabar delegando a
632 xestión en asesorías e consultorías externas que moitas veces non
633 coñecen a realidade do monte veciñal en cuestión e serven máis aos seus
634 intereses propios que aos da veciñanza comuneira. Hai casos en que as
635 comunidades de montes precisan os servizos dunha asesoría ou
636 consultoría privada; nestes casos é mellor contratar trámites concretos e

637 manter sempre a veciñanza a visión xeral de como se está a levar o monte
638 veciñal.

639 As comunidades de montes debemos reivindicar que as
640 tramitacións burocráticas se poidan facer tanto de xeito telemático como
641 de xeito presencial. E mesmo na xestión telemática debemos esixir que
642 sexa unha xestión sinxela para que poida ser usada polo común das
643 persoas que forman parte das xuntas reitoras das comunidades de
644 montes. Neste sentido os distritos forestais e as oficinas agrarias
645 comarcais deberían ser parte da solución, asesorando de xeito obxectivo
646 ás comunidades de montes e mesmo á veciñanza comuneira. Cuestións
647 como cortas de madeira, tramitación de axudas, presentación de
648 denuncias ante ataques á integridade do monte veciñal, invasións de
649 pistas forestais... deberían formar parte deste asesoramento.

650 As comunidades de montes están obrigadas a presentar
651 anualmente o listado da veciñanza comuneira e o investimento anual en
652 mellora forestal, cando bastaría con que o listado da veciñanza comuneira
653 o enviasen as comunidades de montes no último ano do mandato da xunta
654 reitora. No caso do envío dos investimentos anuais en mellora,
655 sinxelamente tería que ser anulado, xa que o investimento en mellora do
656 monte ten que ser aquel que marcan anualmente os planos de xestión e
657 de ordenación dos montes veciñais. En todo caso, a Consellaría do Medio
658 Rural, no último ano de mandato da xunta reitora da comunidade de
659 montes, podería facer un control do cumprimento dos plans de xestión.

660 Este intervencionismo tería sentido se houbo resposta ante as
661 denuncias que puidese facer unha comunidade de montes, nos casos de
662 atentado ao monte veciñal ou aos dereitos da veciñanza comuneira. Mais,
663 neste casos, o que fai a Consellaría do Medio Rural é lavar as mans e
664 enviar ás comunidades de montes á xurisdición ordinaria para resolver
665 estes casos. Este intervencionismo convértese en feroz xa que o único
666 obxectivo que ten é o de castigar ás comunidades que non cumpren estes
667 trámites puramente burocráticos a non poder ser beneficiarias de axudas.
668 E aínda se converterá en máis feroz se se aproba a lei de montes veciñais
669 que está a elaborar a Consellaría do Medio Rural, xa que servirá de base

670 para declarar a estes montes como en estado de abandono e proceder a
671 roubarllos á veciñanza comuneira.

672 A obriga da xestión telemática ten outra deriva, unha deriva
673 antidemocrática. A xestión telemática xera unha distancia entre os
674 administrados/as e as administracións públicas que reduce, cando non
675 elimina, o dereito dos administrados/as a ser contestados e informados
676 polas administracións públicas. Agora, cando isto ocorra, a culpa non será
677 dos funcionarios e funcionarias; será de algo tan abstracto como “non está
678 operativo o sistema“ ou “foi un fallo do sistema”.

679 Outra cuestión a sinalar son as certificacións obrigatorias para
680 acceso a axudas xeneralistas e de boas prácticas (ou directamente
681 externalización de certificacións), que privan de acceso a axudas públicas,
682 e veñen impostas por terceiras entidades que son alleas á realidade do
683 veciñal en mancomún e dos valores de xestión dun monte veciñal. Estas
684 entidades foráneas parten da visión "dendrocentrista" de explotación
685 forestal da madeira, inda que coa actual mudanza climática xa
686 evolucionaron e agora mesmo tamén converxen coa produción enerxética
687 "responsábel" (e, curiosamente, tamén pretenden ser os que máis teñen
688 en conta o beneficio social e ambiental)... Que figuras de países que non
689 coñezan nin recoñezan a realidade da xestión veciñal ou comunitaria, ou
690 simplemente intereses supranacionais capitalistas sexan quen dan fe de
691 que o que facemos é o correcto e están a catalogalo, é como se a análise
692 veña de fora a dentro en lugar de ir de dentro cara fora.

693 4-A mellora das comunicacións, tanto internas como externas.

694 A veciñanza comuneira leva loitando polos seus montes veciñais no
695 transcurso das diferentes agresións sufridas empregando, na maioría dos
696 casos, unha comunicación interna clandestina e mesmo ilegal. A
697 información de acontecementos adoitaba compartirse no transcurso dos
698 traballos comunitarios onde a veciñanza se xuntaba para realizar as
699 diferentes tarefas domésticas ou agrarias. A información relacionada coa
700 existencia de usos e costumes destas terras comunitarias compartíase de
701 forma oral e nalgúns casos aparecían noticias nos xornais (case sempre
702 de casos en conflito).

703 Os acordos de usos e costumes nos montes veciñais teñen o
704 carácter das titularidades xermánicas onde son aprobados en asembleas.
705 Dende a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man
706 Común é de obrigado cumprimento a realización dunha asemblea anual
707 para cada Comunidade, sendo este medio legal o que informa á veciñanza
708 comuneira e somete a votación as diferentes actuacións a facer, amais de
709 ter que presentar un estado de contas. A comunicación entre a xunta
710 reitora da correspondente Comunidade de Montes Veciñais e a veciñanza
711 comuneira está así garantida.

712 Hoxe en día a comunicación intrasocial está a trocar
713 considerablemente, a comunicación oral esvaece coma esvaece a prensa
714 impresa ou a difusión radiotelevisiva. Atopámonos xa nun punto no que a
715 maioría da veciñanza comuneira e as novas xeracións utilizan as novas
716 tecnoloxías para estar informados e informadas e isto crea a necesidade
717 de actualizarse nestes medios. Tendo en conta o exposto non debemos
718 tampouco deixarnos levar por unha corrente antisocial e individualista. As
719 asembleas xerais das Comunidades de montes veciñais en man común e
720 as reunións das súas correspondentes xuntas reitoras teñen que seguir
721 sendo presenciais, non telemáticas, para poder crear un debate inclusivo
722 e verdadeiro onde cada presente poda expresarse con dignidade.

723 Como medios de comunicación dos que dispomos nas nosas
724 Comunidades de montes para compartir diferente información á veciñanza
725 comuneira están por exemplo os taboleiros de anuncios dos centros
726 culturais ou locais propios das comunidades de montes, o uso da
727 megafonía, e actualmente tamén as listas de difusión de wasap ou de
728 correo electrónico ou mesmo as páxinas web e as redes sociais. Calquera
729 medio de comunicación para informar é válido sempre que se teña en
730 conta empregar os diferentes medios necesarios para a inclusión de
731 tódalas persoas diversas que forman a veciñanza comuneira.

732 Para que a sociedade valore e defenda o beneficio que aportan as
733 Comunidades de Montes Veciñais en Man Común ao territorio galego é
734 moi importante darse a coñecer, e neste punto a Xunta de Galiza e a
735 Consellería do Medio Rural non están por esa labor dende hai décadas,

736 xa que o abandono premeditado do rural e dos montes veciñais no seu
737 conxunto fan que as novas xeracións teñan unha información errada e
738 difusa do que supón unha correcta xestión e ordenación do territorio.

739 A veciñanza comuneira atópase hoxe coa desinformación, os
740 medios de comunicación maioritarios expoñen na maioría das noticias
741 informativas ás Comunidades de montes como conflictivas, enganando á
742 sociedade con noticias erradas e mal expostas onde aparecen como
743 exemplo as comunidades de montes como deixadas das súas funcións
744 (simplemente por existir erros nos trámites burocráticos exclusivamente
745 telemáticos), ou como responsables dos lumes sufridos no territorio (cando
746 a orixe da maioría dos lumes non é nos montes veciñais), ou como
747 usurpadoras de terreos cunha plataforma de afectados... Necesitamos
748 medios de comunicación que poñan as comunidades de montes en valor
749 dende un punto de vista multifuncional e non exclusivamente produtivista
750 e madeirista ou como creadores de conflitos. Medios que non estean
751 manexados por intereses capitalistas de monocultivo forestal pasando por
752 riba da sociedade rural e do medio natural.

753 O relevo no troco xeracional da veciñanza comuneira é un tema do
754 que as comunidades de montes non nos podemos esquecer e no que os
755 novos medios de comunicación poden axudar. Para conseguir un fluxo
756 xeracional continuo é importante manter a inclusión de tódalas xeracións
757 presentes da veciñanza comuneira no seu conxunto. As novas xeracións
758 aprenden das vellas e aportan novos valores e coñecementos nas
759 tecnoloxías de comunicación.

760 Os novos medios de comunicación axudan ás comunidades de
761 montes a chegar a máis persoas na difusión das súas actividades,
762 xornadas de voluntariado, xornadas divulgativas, asembleas e congresos
763 ou noticias relacionadas co monte veciñal en xeral. Expoñer nos medios
764 de comunicación tanto dixitais como de proximidade actividades positivas
765 de posta en valor do monte veciñal e das súas comunidades de montes
766 axuda a contrarrestar as noticias negativas que chegan dos medios de
767 comunicación predominantes.

768 Neste camiño na mellora da comunicación tanto interna coma
769 externa para a defensa e coñecemento das comunidades de montes
770 veciñais a Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais
771 (ORGACMM) ao longo destes anos presenta varias vías de información
772 e comunicación como poden ser por vía postal enviando circulares con
773 información relevante ás comunidades de montes asociadas, a edición da
774 revista “O común dos veciños”, informando nas asembleas xerais,
775 realizando o Congreso galego de comunidades de montes cada catro
776 anos, realizando actividades ou xornadas divulgativas... Aproveitando as
777 novas tecnoloxías para facilitar a información e a comunicación coas
778 comunidades de montes a ORGACMM está presente en varias redes
779 sociais (Facebook e Instagram) e ten activa unha páxina web con
780 información actualizada <https://orgacmm.gal>.

781 Dende a asemblea de marzo do 2025 en Valadares informouse ás
782 comunidades de montes veciñais da existencia na páxina web dunha
783 ventá aberta de comunicación (“CONTACTA”) para poder realizar a través
784 dese medio as consultas ou dúbidas das propias comunidades de montes
785 na súa xestión ou consultas de entidades externas que buscan información
786 sobre os montes veciñais ou sobre as comunidades de montes. As
787 comunidades de montes precisan apoio na información relacionada coa
788 súa xestión, sobre todo as que se recuperan ou están manexadas por
789 sistemas caciquís e antidemocráticos.

790 Faise preciso tamén publicar un manual cun esquema dos trámites
791 necesarios na xestión dunha comunidade de montes. Así como promover
792 redes de apoio entre comunidades de montes, para que as que teñan
793 experiencia no tema poidan asesorar as máis novatas e tecer vínculos, xa
794 que, a pesar de rexerse polas mesmas leis e principios, cada monte
795 veciñal en man común ten una casuística e problemática particular
796 (eólicos, minería, augas, pastos, especies invasoras, proxectos sociais,
797 etc). Así como aproveitar as sinerxías creadas xa, por grupos de opinión,
798 fundacións, universidades, e comunidades de montes galegos e tendo
799 como elemento común a supervivencia e loita sobre a pretensión deste
800 goberno de poñer os montes veciñais en mans de especuladores e
801 concellos.

802 5-Reivindicar a inclusión do monte veciñal e do funcionamento das
803 comunidades de montes nos currículos escolares en todos os niveis do
804 ensino.

805 É bastante difícil de crer que nun país onde o monte veciñal ocupa
806 $\frac{1}{4}$ do territorio galego, que é unha outra forma de posuír que temos os
807 galegos e as galegas, esta realidade non teña cabida nos currículos de
808 ningún nivel do ensino galego. Acontece o mesmo co funcionamento das
809 comunidades de montes. Mesmo a historia do monte veciñal e da
810 veciñanza comuneira non existe en ningún dos niveis do ensino obrigatorio
811 galego. Menos comprensíbel aínda é que nos estudos superiores
812 relacionados co monte en xeral (ciclos formativos e graos da rama agraria),
813 os alumnos e alumnas acaden estas titularidades sen ter case
814 coñecemento do monte veciñal, e moito menos das comunidades de
815 montes.

816 Esta ocultación do monte veciñal e das comunidades de montes,
817 este silencio sobor a historia do monte veciñal e da veciñanza comuneira,
818 débese a que as elites económico-políticas que gobernaron este país,
819 agás moi curtos períodos históricos, sempre consideraron esta figura de
820 titularidade da terra perigosa para os seus intereses, unha figura
821 subversiva en si mesma. E para as ideoloxías totalitarias, para eliminar
822 algo que non interesa, o primeiro que fan e non nomealo ou cambiarlle o
823 nome. Polo tanto as comunidades de montes, para situar o monte veciñal
824 na sociedade galega, debemos reivindicar que a figura do monte veciñal e
825 o funcionamento das comunidades estean incluídos en todos os currículos
826 en todos os niveis do ensino.

827 Mentres, non debemos quedar parados. Debemos desenvolver
828 actividades complementarias que axuden a situar o monte veciñal na
829 sociedade galega. Cuestión que, certamente, as comunidades de montes
830 xa están a facer. Un número importante de comunidades de montes teñen
831 editado libriños e folletos que tocan diversos aspectos dos seus montes
832 veciñais e mesmo, a través do Instituto galego das terras comunitarias
833 (Ingateco), editouse a primeira unidade didáctica que trata con realidade a
834 figura do monte veciñal. Xa que logo, a pesar do que as veces parece,

835 sobor o monte veciñal e as comunidades de montes hai literatura. Se
836 cadra, non esta difundida como se precisa.

837 As comunidades de montes debemos reivindicar que a Xunta de
838 Galiza constitúa un Centro Nacional de documentación do monte veciñal.
839 Un centro no que ademais dos libros referentes ós montes veciñais e ás
840 comunidades de montes, recolla as publicacións das comunidades de
841 montes e das suas organizacións (Xornadas, Congresos, Libros...). Un
842 Centro nacional de documentación do monte veciñal, no que se recollería
843 a historia da veciñanza comuneira na defensa das súas terras
844 comunitarias (suceso trágico de Eirón-Mazaricos, Coordinadora de
845 montes de Pontevedra, 1º Congreso Galego de comunidades de
846 montes...). Este centro tamén debería iniciar unha recollida de documentos
847 impresos e gráficos da historia do monte veciñal e das comunidades de
848 montes.

849 Nesta loita para situar o monte veciñal en todos os eidos da
850 sociedade galega, as comunidades de montes tamén teñen que loitar
851 contra a linguaxe que non é acaída. Dun tempo a esta parte, sectores da
852 sociedade galega, e non precisamente “desilustrados”, veñen falando, no
853 canto de comunidades de montes, de comunidades locais. E comunidades
854 de montes e comunidades locais non son termos equivalentes. Nesta loita
855 débese ter como norte que as ideoloxías totalitarias, cando queren eliminar
856 algo, o primeiro que fan e non nomealo ou cambiarlle o nome.

857 A veciñanza comuneira ten que loitar porque Galiza teña
858 recoñecidas todas as competencias sobor os montes veciñais. Dende o
859 recoñecemento xurídico ate os aproveitamentos, pasando polo réxime fiscal.
860 Porque a realidade é que Galiza só ten competencias plenas sobor os
861 aproveitamentos dos montes veciñais. E mesmo isto tampouco é real xa
862 que están sometidos ao que diten as leis de montes do Estado Español,
863 por ter estas consideración de leis marco.

864

SEGUNDO RELATORIO

865 **CONSIDERAR COMO APROVEITAMENTOS DOS MONTES VECIÑAIS**
866 **TODOS OS QUE NELES SE DAN**

867 **A)-A ESTRATEXIA DO CAPITALISMO MUNDIAL DE ACAPARACIÓN**
868 **DAS TERRAS E DOS APROVEITAMENTOS QUE NELAS SE DAN.**

869 Logo da crise financeira mundial dos anos 2007/2008, o capitalismo
870 mundial implanta a estratexia da acaparáción das terras. O obxectivo
871 desta estratexia é o de coller o control dos recursos; sobor de todo dos
872 chamados “recursos críticos”, fundamentais para as novas tecnoloxías,
873 para o seu negocio. O capitalismo precisa acaparar e dominar as terras e
874 os seus recursos asociados (aire, auga, minerais, montes, é dicir: servizos
875 ecosistémicos) para acadar os seus beneficios. E para acadar estes
876 obxectivos pouco lle importa roubarlle as terras aos seus titulares (tanto a
877 particulares como a comunidades de montes), que a terra deixe de ser a
878 base para a produción de alimentos no camiño da soberanía alimentar,
879 que se contaminen os ecosistemas ou mesmo que a poboación teña que
880 desprazarse.

881 O capitalismo vende esta acaparáción de terras e dos recursos que
882 nelas se dan como “verde”, en forma de reducións de emisións de CO2 e
883 transición ecolóxica, porque só venden o resultado final. Por exemplo, os
884 biocombustíbeis son combustíbeis limpos, pero para a súa produción
885 precísase ocupar moita terra e consumir moita cantidade de auga. O
886 mercado de compensacións de emisións de CO2 non implica unha
887 diminución real da emisión deste gas: o único que fai este mercado é que
888 as empresas que contaminan poidan seguir contaminando a cambio de
889 mercar bonos de compensación noutros lugares.

890 Non se pode cuestionar que hai que camiñar cara unha transición
891 ecolóxica, é dicir, substitución da enerxía provinte dos fósiles, que ademais
892 son finitos, por enerxía provinte de fontes renovábeis e fomentar políticas
893 de decrecemento. Mais esta transición ecolóxica ten que situar as
894 poboacións no centro: será o único xeito de que sexa unha transición

895 ecolóxica verdadeira, sostíbel e equitativa; e que non se leve adiante a
896 expensas das maiorías sociais e dos territorios.

897 O capitalismo quere vender esta acaparáción como “verde”, mais o
898 capitalismo non ten cor, ten esencia. E esta esencia é a explotación dunha
899 clase social (o capital) sobre a clase obreira e as maiorías sociais,
900 espoliando de paso os territorios que non lle pertencen.

901 Nos sectores primarios agroforestais estanse a implantar unhas liñas
902 de actuación que benefician unicamente a un capitalismo inmediato e de
903 especulación das materias primas. Os verdadeiros usos potenciais que
904 cada zona xeográfica ou lugar posúen non se teñen en conta para o
905 ordenamento e aproveitamento do territorio, entendendo por diferentes
906 usos potenciais os que verdadeiramente equilibran o territorio dende un
907 punto de vista económico, social e medioambiental.

908 **B)-O PAPEL QUE LLE QUEREN DAR AOS MONTES VECIÑAIS NESTA**
909 **ESTRATEGIA.**

910 Os montes veciñais en man común son terras apetitosas para a
911 estratexia do capital de acaparáción de terras e dos recursos que nelas se
912 dan pola súa extensión media, pola súa situación xeográfica e polo
913 despoboamento do medio rural: en moitos montes veciñais non poden
914 constituírse comunidades de montes e mesmo hai lugares onde existindo
915 monte veciñal non hai poboación nin sequera para erguer unha voz de
916 protesta contra este espolio do territorio. Mais por outra banda, ao ser os
917 montes veciñais titularidades de carácter xermánico onde as decisións
918 teñen que ser tomadas democraticamente en asemblea xeral dificulta,
919 cando non impide, que o capitalismo acapare os mesmos.

920 Intereses capitalistas, ademais de intereses especulativos e
921 urbanísticos, levan moito tempo tentando que os montes veciñais
922 desaparezan do territorio galego, contando para elo sempre co amparo
923 dos gobernos do Partido Popular. Pódese afirmar que este intento empeza
924 no mesmo momento en que a veciñanza comuneira recuperou os seus
925 montes veciñais. Mais esta intención de usar os montes veciñais ao
926 servizo do capital increméntase co retorno ao poder da Xunta de Galiza no

927 ano 2009 do Partido Popular. Os exemplos mais paradigmáticos desta
928 acción podemos situalos en dúas leis: na de fomento da economía
929 (5/2017, de 10 de outubro) e na de simplificación administrativa (9/2021,
930 de 28 de febreiro). Estas dúas leis, coñecidas como leis depredadoras,
931 significaron na práctica a eliminación do carácter de interese social e de
932 utilidade pública que teñen os montes veciñais en man común e facilitaron
933 a expropiación dos montes veciñais a favor dos intereses empresariais.

934 Mais a pesar destas leis agresivas contra o monte veciñal e contra os
935 intereses da veciñanza comuneira, a resistencia desta a perder as súas
936 terras comunitarias fixo que estes intereses da clase empresarial non foran
937 doados de acadar. Daí que estes intereses capitalistas, especulativos e
938 urbanísticos queiran dar outro empurrón: a nova lei de montes veciñais
939 que pretende aprobar a Consellaría do Medio Rural. O obxectivo desta
940 nova lei de montes veciñais é eliminar o carácter xermánico destas terras
941 comunitarias para municipalizar algunhas e privatizar as outras. En
942 ámbolos dous casos roubarlle estas terras á veciñanza comuneira a favor
943 dos intereses antes citados.

944 Para que a posta en valor dos montes veciñais, de xeito multifuncional
945 e sustentábel, sexa ao servizo da veciñanza comuneira e das maiorías
946 sociais do noso país, as comunidades de montes temos que loitar para
947 que todos os recursos do monte veciñal, os do subsolo, os do solo e os do
948 ar, sexan considerados como aproveitamentos do monte veciñal. E
949 defender, dentro dunha política de montes acaída, plena capacidade de
950 decisión da veciñanza comuneira para pór en valor os seus montes
951 veciñais.

952 C)-OS ACAPARAMENTOS AGRESIVOS.

953 Queren converter os montes veciñais en zonas de sacrificio (ao
954 servizo do capital) das que sacar os recursos para perpetuar o sistema de
955 consumo exacerbado, sen que os propios montes reciban máis que
956 prexuízos. Son acaparamentos agresivos porque agriden o medio e non
957 contan coa veciñanza.

958 1-Monocultivo forestal para producións intensivas (Moratoria do eucalipto).

959 Cando a veciñanza comuneira, na década dos setenta e dos oitenta
960 do século pasado, recuperou os montes veciñais das mans dos concellos
961 e das deputacións, estes viñeron en estado de abandono ou forestados en
962 réxime experimental de bicultivo forestal (eucaliptos e piñeiros). Naqueles
963 momentos os montes veciñais estaban acaparados polo Estado Español
964 e xestionados “publicamente” a través do Patrimonio Forestal do Estado.
965 Xestionados “publicamente” pero a favor das industrias pasteiras e
966 madeireiras.

967 En Galiza son nomeadamente o eucalipto e o piñeiro as especies
968 plantadas en monocultivo para produción intensiva. Ence é a beneficiaria
969 última da plantación de eucalipto. Estes monocultivos son perniciosos para
970 o medio, non contemplan as cortas selectivas nin a diversificación na
971 produción, xerando perda da biodiversidade (eliminación da paisaxe en
972 mosaico), favorecen a erosión e a degradación do solo, son proclives a
973 enfermidades (o que comporta un risco económico para quen as planta) e
974 a miúdo precisan tratamentos fitosanitarios (o que prexudica tamén á
975 biodiversidade e á saúde das persoas), aumentan a propagación de
976 incendios e teñen unhas consecuencias sociais negativas. No caso do
977 eucalipto, tamén afecta de xeito moi destrutivo aos recursos hídricos.

978 Unha vez recuperados os montes veciñais pola veciñanza comuneira
979 e asentada esta recuperación mediante a lei de montes veciñais do ano
980 1989, esta situación pouco trocou, xa que case $\frac{2}{3}$ dos montes veciñais
981 recuperados pola veciñanza comuneira seguiron sendo xestionados
982 “publicamente” a favor das empresa pasteiras e das empresas
983 madeireiras; aínda que agora o “xestor público” sería a Xefatura de
984 Produción Forestal da consellaría de Agricultura, Gandaría e Montes, ao
985 converter os vellos consorcios en novos convenios.

986 A información que as grandes empresas madeireiras e pasteiras e
987 outros axentes do sector ofrecen sobre o beneficio económico que aporta
988 este modelo de xestión é enganosa, afirmando que é o modelo máis
989 rendíbel economicamente, cando este beneficio é inmediato pero non é o
990 máis proveitoso en termos económicos. O monocultivo con especies de
991 rápido crecemento desprazou e minguou a produción de madeiras nobres

992 de calidade, moi demandadas na actualidade, sendo o monocultivo de
993 eucalipto en gran medida o que máis contribuíu ao abandono do monte,
994 formando verdadeiras selvas intransitables e complicadas de xestionar
995 economicamente e chegando a considerarse como especie invasora.

996 O avance das comunidades de montes en xestionar directamente os
997 seus montes veciñais e a idea política da Consellaría do Medio Rural de
998 entregar os montes veciñais a empresas forestalistas e madeireiras, fixo
999 que na lei de montes de Galiza se incluíse que a xestión daqueles montes
1000 veciñais consorciados e/ou conveniados que tivesen falsas e inxustas
1001 débedas sería entregada, por un período ininterrompido de 50 anos, ás
1002 empresas madeireiras e forestalistas. Naqueles momentos os montes
1003 veciñais con consorcio ou con convenio ocupaban unha superficie de
1004 aproximadamente 250 mil hectáreas. A loita da ORGACCMM contra este
1005 roubo da xestión dos montes veciñais fixo que mais da metade destas 250
1006 mil hectáreas foran entregadas ás comunidades de montes sen “falsas e
1007 inxustas débedas”. De aí que a Consellaría do Medio Rural pretenda que,
1008 segundo a nova lei de montes veciñais, aqueles montes veciñais que a
1009 propia Consellaría do Medio Rural declare en abandono por razóns
1010 soamente de trámites pasen a ser de titularidade dos concellos e a sua
1011 xestión pase a mans das empresas forestais e madeireiras, extrativas e
1012 doutros sectores.

1013 A día de hoxe, nesta estratexia do capital de, senón acaparar terras,
1014 cando menos acaparar a xestión das mesmas, o monte veciñal e o
1015 territorio galego atópanse con dous graves problemas. O primeiro témolo
1016 na pretensión de instalar unha macrocelulosa na bisbarra de A Ulloa. Esta
1017 acaparación de terras por unha multinacional non sómente vai significar
1018 incidir mais na eucaliptización do monte e tamén do territorio galego, senón
1019 que perpetuará que no territorio galego se sigan instalando industrias de
1020 enclave que non pechan os ciclos produtivos e xa que logo non xeran valor
1021 engadido. Pero é que ademais a instalación da macrocelulosa nas terras
1022 de A Ulloa vai supor a eliminación de empresas do sector primario, a
1023 redución da superficie útil agraria e cortar calquera outra actividade a
1024 desenvolver no medio rural. E como para a súa produción vai precisar un
1025 consumo importante de auga, que logo verterá no río Ulla ate a
1026 desembocadura na ría de Arousa, eliminará tamén a importante economía

1027 que existe ligada á pesca e ao marisco, con peche produtivo no sector
1028 conserveiro.

1029 O segundo intento de acaparáción de terras e dos aproveitamentos
1030 que nela se dan vai vir dos empresarios madeireiros e dos empresarios de
1031 servizos forestais, a través da fundación Arume. Baseándose nunha
1032 realidade (as pragas que están a padecer os piñeiros no monte galego) e
1033 baseándose nunha mentira (que a eliminación dos serradoiros se deba a
1034 falla de piñeiros) e afirmando de forma alarmante que nunha década o
1035 monte galego quedará sen piñeiros, pretenden que a Consellaría do Medio
1036 Rural duplique a superficie adicada a esta especie forestal. É dicir,
1037 propoñen que as 425 mil hectáreas ocupadas por esta especie forestal se
1038 convertan en case 900 mil. Na realidade están a reclamar unha nova
1039 forestación do monte galego cunha especie, o piñeiro, que está
1040 considerada como pirófita.

1041 E certo que nestes momentos os piñeiros no monte galego están
1042 afectadas por diversas pragas, mais estas non se combaten con
1043 plantacións de mais piñeiros, senón combaténdoas con eficacia e xerando
1044 plantas resistentes a estas pragas. Tamén é certo que os serradoiros se
1045 reduciron de xeito drástico (na década dos 90 do século pasado existían
1046 700 e a día de hoxe só hai 369). Pero non é certo que esta redución se
1047 deba á falla de piñeiros no monte galego, os datos mostran o contrario
1048 (nos últimos anos a produción de madeira de piñeiros incrementouse un
1049 80%). Esta redución débese a unha simple lóxica do sistema capitalista,
1050 que se basea nos seguintes principios: 1-Concentración do capital para
1051 dominar o mercado .2-Redución de custes para mellorar o negocio .3-
1052 Demanda concentrada diante dunha oferta atomizada, para impor os
1053 prezos.

1054 Ademais disto, a forestación ten un negocio engadido: o da emisión
1055 de bonos de captura de CO₂, que se converteu nun produto mais do
1056 mercado aproveitando as teses do capitalismo “verde”. Diante da intención
1057 do capital de acaparáción de terras, a alternativa pasa por reforzar o
1058 carácter xermánico dos montes veciñais. Para evitar que os diversos
1059 aproveitamentos dos montes veciñais sexan en beneficio das empresas é
1060 preciso reivindicar que todos os aproveitamentos dos montes veciñais (do

1061 subsolo, do solo e do ar), sexan considerados como aproveitamentos dos
1062 montes veciñais.

1063 MORATORIA:

1064 A moratoria das plantacións de eucalipto, que rematou o 31 de
1065 Decembro do ano pasado (2025), era unha moratoria falsa, xa que supuxo
1066 un aumento desta especie no territorio galego. Feito corroborado mesmo
1067 por datos oficiais que cifran este incremento entre 40.000 e 80.000
1068 hectáreas. A realidade é que este incremento xa estaba contemplado no
1069 texto da moratoria, que dicía que nos primeiros anos se reduciría esta
1070 especie forestal nun 3% pero que nos últimos anos se podería incrementar
1071 nun 2%. E ademais, nos montes nos que houbera eucaliptos mesturados
1072 con outras especies forestais, estas superficies poderíanse converter en
1073 eucaliptais.

1074 A nova moratoria das plantacións de eucaliptos que, por un período
1075 de 5 anos, arrincou o día 1 de Xaneiro deste ano 2026, será unha moratoria
1076 máis falsa que a primeira, xa que incrementará máis a superficie do
1077 territorio galego adicada a esta especie forestal. A nova moratoria inclúe
1078 que, naquelas superficies de montes onde os piñeiros estean afectados
1079 por pragas, se poderán plantar eucaliptos nun 70% da superficie. E
1080 ademais inclúe o que chaman “compra de dereitos de plantacións”:
1081 mediante este mecanismo poderanse comprar os dereitos en calquera
1082 lugar e plantar eucaliptos en calquera lugar.

1083 A moratoria real das plantacións dos eucaliptos sería aquela que fose
1084 indefinida e ao tempo ir eliminando paulatinamente esta especie forestal
1085 da Rede Natura e das outras figuras de protección medioambiental, dos
1086 lugares con restos patrimoniais e das terras agrarias e agrícolas, ademais
1087 de dar alternativas aos titulares destas terras. Esta nova moratoria
1088 tampouco inclúe mecanismos de control nas superficies de cotas de
1089 eucalipto vendidas. Mecanismos de control indispensables para evitar que
1090 realmente nesas superficies antes declaradas coma eucalipto esta especie
1091 non volva a desenvolverse, xa que ben sabemos que a erradicación do
1092 eucalipto ven sendo unha laboura moi complicada e moi custosa.

1093 2-A enerxía eólica e fotovoltaica.

1094 Existen 3 recursos indispensables para a vida: comida, auga e
1095 enerxía. Estes recursos poden obterse dos nosos territorios, polo que as
1096 comunidades de montes (CMVMC) fomos, somos e seremos
1097 imprescindibles para manter a vida da nosa veciñanza.

1098 Dun tempo a esta parte véñense instalando cada vez máis parques
1099 eólicos e fotovoltaicos, como parte da chamada “transición ecolóxica”, no
1100 canto de promover o decrecemento. Malia que efectivamente se trata de
1101 enerxía renovábel, o certo é que estes macroparques teñen graves
1102 afeccións no medio, tanto dende o punto de vista medioambiental como
1103 no económico e social (Eólicos así non!). Para a produción dos eólicos
1104 precísanse minerais e elementos que se extraen en minas no noso país
1105 (co que iso implica) ou noutro, externalizando así parte do impacto
1106 (colonialismo).

1107 Respeito da implantación de enerxía eólica xa existe coñecemento
1108 abondo dado que a súa implantación data de mediados da década dos
1109 noventa do século pasado e este coñecemento práctico amosa claramente
1110 que a implantación desta enerxía levouse adiante sen unha ordenación do
1111 territorio onde se indicase os lugares nos que se puideran ou non instalar
1112 os parques eólicos e sen un estudo que, segundo a soberanía enerxética
1113 do país, fose substituíndo paulatinamente as enerxías provenientes de
1114 fontes fósiles polas provenientes das enerxías renovábeis.

1115 Algunhas das estratexias que utilizan para instalar estas
1116 infraestruturas son: reducir a resistencia social, a redacción de estudos de
1117 impacto ambiental fraudulentos, a fragmentación de proxectos (para que
1118 pareza que o impacto é menor do real) ademais da complicidade dos
1119 lexisladores. Isto supuxo que a implantación desta enerxía fíxose ao
1120 servizo dos intereses das multinacionais enerxéticas e xerando un espolio
1121 do territorio galego, maiormente dos montes veciñais. Esta filosofía
1122 capitalista na implantación desta enerxía impediu que da súa implantación
1123 se beneficiasen os territorios onde se instalaron, que se abarataran os
1124 prezos da enerxía para os sectores económicos locais e para os domicilios

1125 e que se apostase polo autoabastecemento e o autoconsumo fronte aos
1126 sistemas de produción e de distribución monopolistas.

1127 A alternativa pasaría pola consideración da enerxía eólica como un
1128 aproveitamento dos montes veciñais, pola plena capacidade de decisión
1129 das comunidades de montes veciñais en man común, naqueles lugares
1130 onde a lei o permitise, de instalar ou non parques eólicos. E tamén de
1131 facultar as comunidades de montes da posibilidade de instalar nos seus
1132 montes veciñais aeroxeneradores única e exclusivamente para abastecer
1133 de enerxía á veciñanza comuneira.

1134 A enerxía fotovoltaica tamén está sendo implantada, ao igual que a
1135 enerxía eólica, sen un estudo previo para ir substituíndo as enerxías
1136 provenientes de elementos fósiles por enerxía proveniente de fontes
1137 renovábeis e tamén sen unha ordenación do territorio onde se indique en
1138 que lugares se puideran e non instalar placas fotovoltaicas. Por exemplo,
1139 poderíase comezar a implantación das placas solares nos tellados das
1140 naves dos polígonos e nos tellados das edificacións públicas. Pero non.
1141 Ao igual que na implantación da enerxía eólica, optouse por fomentar o
1142 negocio empresarial e pola acaparáción do territorio.

1143 As Comunidades Enerxéticas Locais (CEL), segundo a definición de
1144 Ecooo, son unha nova ferramenta, proposta pola Unión Europea, que
1145 garante a participación cidadá no sistema enerxético e a democratización
1146 do mesmo e permite avanzar cara unha transición enerxética en mans das
1147 persoas. A finalidade non é o lucro, senón ofrecer beneficios
1148 medioambientais, económicos e sociais aos seus membros e á sociedade.

1149 A Directiva (UE) 2019/944, de 5 de xuño de 2019, no artigo 2.11,
1150 define as “Comunidades Cidadás de Enerxía” como unha entidade que:

- 1151 1. Baséase na participación voluntaria e aberta, con control efectivo
1152 exercido polos socios ou membros,
- 1153 2. Ten como obxectivo principal ofrecer beneficios medioambientais,
1154 económicos e sociais,
- 1155 3. Participa na xeración, distribución, subministro, consumo,
1156 agregación, almacenamento de enerxía, prestación de servizos de

1157 eficiencia enerxética, servizos de recarga de vehículos eléctricos,
1158 etc.

1159 A Unión Europea define como principios operativos e de
1160 funcionamento das comunidades enerxéticas locais a participación aberta
1161 e voluntaria das persoas que están dispostas a aceptar a responsabilidade
1162 de tal pertenza, a gobernanza democrática baseada na igualdade de
1163 dereitos na toma das decisións, a autonomía e independencia dos
1164 membros que forman parte das comunidades enerxéticas locais e o
1165 acadar beneficios sociais, medioambientais e económicos para os seus
1166 membros.

1167 Fica claro que entre as comunidades enerxéticas locais e as
1168 comunidades de montes dáse un claro paralelismo e polo tanto estas
1169 poderían actuar como as primeiras. Pero non. O decreto do goberno actual
1170 do Estado (Real-decreto lei 23/2020, de 23 de Xuño), polo que se aproban
1171 medidas en materia de enerxía e noutros eidos para a reactivación
1172 económica, define que as comunidades enerxéticas locais teñen que ter
1173 personalidade xurídica; e, como as comunidades de montes non teñen
1174 personalidade xurídica (nin deben tela), non poden actuar como
1175 comunidades enerxéticas locais.

1176 Se todos e todas concordamos en que o desenvolvemento da enerxía
1177 fotovoltaica é unha peza clave para acadar a necesaria transición
1178 ecolóxica, o paso que se podería dar en Galiza é que as comunidades de
1179 montes podan actuar como comunidades enerxéticas locais para o
1180 desenvolvemento da enerxía fotovoltaica. A alternativa pasaría porque a
1181 lexislación permitise que as comunidades de montes, sen perder o seu
1182 carácter xermánico, puideran actuar como comunidades enerxéticas
1183 locais. E a cuestión non é complicada xa que non é unha cuestión técnica
1184 ou xurídica; é sómente unha cuestión de vontade política.

1185 Un bo exemplo tamén de Comunidades Enerxéticas non fotovoltaicas
1186 son as Comunidades de Montes que fagan reparto de leña/biomasa, xa
1187 que cumpren coa definición da Directiva europea sobre CE: control
1188 efectivo dos comeneiros e comeneiras mediante a participación aberta e

1189 voluntaria na Asemblea Xeral; busca de beneficios medioambientais,
1190 sociais e económicos; xestión e reparto dos recursos do territorio.

1191 Ademais da resistencia social a este tipo de macroproxectos, as
1192 comunidades enerxéticas xeran un impacto moito máis reducido e están
1193 dimensionadas ás necesidades da comunidade. Un dos obxectivos destas
1194 iniciativas é o de apoderar ás persoas consumidoras facéndoas partícipes
1195 da xeración e consumo da súa propia enerxía, o que se coñece como
1196 “prosumidoras” (persoas produtoras e consumidoras). Existe moito
1197 descoñecemento sobre o sector enerxético e o seu funcionamento por
1198 parte das persoas consumidoras e iso favorece o abuso por parte do
1199 oligopolio enerxético. Convén a creación de “*Oficinas da Enerxía*” onde as
1200 persoas poidan asesorarse sobre todo tipo de temas relacionados coa
1201 enerxía, como entender a factura eléctrica, saber canto consumen os
1202 electrodomésticos, diferenciar mercado regulado de mercado libre, etc.
1203 Estas oficinas son unha gran idea que pode axudar a apoderar á veciñanza
1204 e así lograr os chamados “*cidadáns enerxéticos*”: persoas que entenden o
1205 sector enerxético e son capaces de tomar decisións ao respecto.

1206 3-A minaría e as canteiras.

1207 A minaría e as canteiras (pedra e lousa) son actividades extractivas e
1208 por iso as máis agresivas para o territorio. Estas actividades veñen
1209 asociadas con problemas de contaminación atmosférica durante todo o
1210 proceso produtivo e problemas de saúde para a poboación dos arredores.
1211 A isto hai que engadirlle a cantidade inxente de residuos que xeran e que
1212 son de difícil tratamento e a condición física na que quedan os
1213 terreos unha vez rematada a explotación, ademais da contaminación con
1214 produtos químicos do aire, a auga e a terra.

1215 Mais, para facer unha valoración global destas actividades extractivas
1216 nos montes veciñais hai que ter en conta outras consideracións. Entre elas
1217 está o feito de que destas actividades extraírense materiais para a vida das
1218 persoas e para o funcionamento da sociedade; e mesmo algúns dos
1219 minerais extraídos son fundamentais para o desenvolvemento do mundo
1220 tecnolóxico no que andamos (ordenadores, tabletas, pantallas, móbiles...).
1221 Como as poboacións do chamado mundo rico non imos renunciar a vivir

1222 neste mundo tecnolóxico de confort, non deberíamos caer nos argumentos
1223 simplistas e elitistas de que extraían estes materiais nos chamados países
1224 probes e que paguen as consecuencias as súas poboacións.

1225 Tamén hai que pór en consideración o feito de que estas actividades
1226 xeran riqueza e postos de traballo. Mais, esta riqueza e estes postos de
1227 traballo xerados hai que relativizalos xa que a cuestión económica non
1228 debe ser o único argumento para valorar un aproveitamento e, ás veces,
1229 nin sequera o máis importante. Ademais de que a maioría das explotacións
1230 destas actividades fanse no modelo enclave, é dicir, non pechando o ciclo
1231 produtivo e, xa que logo, non xerando valor engadido no lugar onde se
1232 explotan os recursos.

1233 Todos os aproveitamentos que se dean nos territorios deben ir
1234 precedidos dunha ordenación do mesmo. No caso destas actividades
1235 extractivas aínda mais. A ordenación destes aproveitamentos ten que vir
1236 precedida á súa vez dun estudo dos materiais extraídos que precisa o
1237 país e cales destes materiais se puideran conseguir do reciclado dos
1238 diversos aparellos existentes. Naqueles lugares onde se puideran levar
1239 adiante estas actividades extractivas, os titulares destas terras terían plena
1240 capacidade de decisión de permitilas ou non. A necesidade desta
1241 normativa vese claramente no caso da mina de litio que se pretende
1242 instalar na parroquia de Doade no concello de Beariz (Ourense). A Unión
1243 Europea, o goberno do Estado e o goberno galego queren impor a
1244 explotación desta mina contra a opinión dos titulares das terras (a
1245 comunidade de montes de Doade) e das comunidades de montes
1246 veciñais.

1247 Cando as empresas soliciten da Administración Pública Galega o
1248 permiso de explotación destas actividades extractivas esta administración,
1249 ademais do imprescindible estudo de impacto medioambiental, debería
1250 tamén exixirles estudos exhaustivos sobre: a repercusión na saúde
1251 pública, a xeración dos postos de traballo que crea e dos que destrúe, se
1252 a actividade extractiva pecha o ciclo produtivo ou non, o tratamento final
1253 dos residuos xerados pola explotación, que medidas anticontaminantes
1254 van implantar e como vai quedar o territorio unha vez rematada a

1255 explotación. E para asegurar o cumprimento de todas estas cuestións, o
1256 depósito dunha fianza económica.

1257 Nas actividades extractivas, que son as mais agresivas para o medio
1258 ambiente e para a saúde das persoas, faise necesario a exigencia de
1259 controis, que deben existir dende a posta en marcha ate o final da
1260 actividade. Controis que teñen que ter capacidade executiva, é dicir,
1261 capacidade de parar a explotación cando se produzan problemas de
1262 contaminación ou de saúde. Estes controis teñen que ser democráticos, a
1263 figura que os recolla ten que estar conformada por: comunidades de
1264 montes, centrais sindicais, grupos medioambientais, sindicatos agrarios e
1265 comisións de afectados e afectadas.

1266 As empresas extractivas son inimigas destes controis democráticos.
1267 A proba mais palpábel disto é a composición do Consello da Minaría de
1268 Galiza. No ano 2007, a consellaría de Industria e Innovación do goberno
1269 bipartito, dirixida politicamente polo BNG, promulgou a lei da minaría de
1270 Galiza, que incluía como compoñentes no consello da minaría de Galiza
1271 as comunidades de montes. As entidades que protestaron por esta
1272 inclusión foron as empresas mineiras. E seguiron protestando ate que
1273 neste ano conseguiron que o PP modificase a lei de minaría de Galiza,
1274 eliminando a presenza das comunidades de montes do consello da
1275 minaría de Galiza.

1276 A loita mais eficaz para parar o acaparamento dos montes veciñais
1277 por parte das empresas mineiras pasa por lograr que todos os recursos
1278 dos montes veciñais sexan recursos dos mesmos e que dentro da
1279 ordenación necesaria do territorio para poñelos en valor a plena
1280 capacidade de decisión sexa das comunidades de montes.

1281 No caso, por exemplo, de que unha mina fora declarada zona
1282 estratéxica e sexa inevitable a súa instalación, sería mellor que se
1283 xestionase dende a comunidade e os beneficios quedaran no lugar. En
1284 tódolos casos extractivos créase a necesidade dunha compensación
1285 ecolóxica (a compensación económica dáse por suposto) polos danos
1286 causados no territorio. Compensación ecolóxica que beneficie á veciñanza

1287 afectada no momento presente da agresión (paralelamente á extracción)
1288 e no momento futuro (ao finalizar a extracción).

1289 4-Gandaría intensiva e biogás.

1290 No sector agrogandeiro galego nas últimas décadas foron
1291 implantándose modelos de xestión industrial capitalista e de monopolo.
1292 As pequenas explotacións con gandaría en extensivo foron esvaecendo
1293 pola imposición do sector na obrigatoriedade de realizar grandes
1294 inversións para actualizarse aos novos tempos, pola falta de apoio das
1295 administracións competentes e dos servizos públicos como as oficinas
1296 agrarias e as excesivas trabas burocráticas que dificultaron enormemente
1297 o seu desenvolvemento equilibrado en relación co medio onde se
1298 implantaban.

1299 O modelo imposto, en vez de ser un modelo arraigado ao territorio e
1300 no que tódalas partes se benefician, recae na gandaría industrial que soe
1301 depender máis do exterior, con grandes consumos de insumos controlados
1302 economicamente polas multinacionais de produción de cereais e de
1303 pensos e con prezos de venta tamén baixos, incluso por debaixo do prezo
1304 de produción. Un modelo controlado polas multinacionais alimentarias, no
1305 que os mercados globais marcan os prezos. Todo isto fai mermar o número
1306 de explotacións gandeiras en extensivo, acelerando o despoboamento das
1307 zonas rurais e reducindo o control da biomasa nos montes e ao redor das
1308 aldeas.

1309 As máis beneficiadas por este modelo son as grandes empresas que
1310 foron acaparando as terras e a economía do sector e implantando o
1311 modelo das macrogranxas que por definición son o máximo expoñente da
1312 gandaría industrial. Un modelo no que se amorean miles de cabezas de
1313 gando en áreas moi reducidas, cun impacto negativo no medioambiente.
1314 Unha alta densidade de animais en espazos moi reducidos é problemática
1315 de xestionar pola elevada concentración de excrementos e xurros,
1316 causando a contaminación das augas e reducindo o benestar animal.

1317 Debido á problemática pola excesiva cantidade de residuos destas
1318 macrogranxas a actualizada Normativa Europea do ano 2024 afecta

1319 principalmente a macrogranxas porcinas e avícolas, quedando *excluídas*
1320 *as granxas que crían de maneira extensiva ou orgánica* no exterior. A
1321 normativa céntrase en reducir o impacto ambiental e sanitario mediante a
1322 implantación de industrias de xestión de puríns e esterco. Aquí aparecen
1323 as denominadas Plantas de Biogás, coa finalidade de producir biometano,
1324 enerxía e abonos agrícolas en base á fermentación anaerobia (sen
1325 oxíxeno) combinada dos excrementos gandeiros, residuos agrícolas, lodos
1326 de depuradoras ou restos alimentarios.

1327 Volvemos parchear o problema sen atacalo de base. Estas
1328 macroinstalacións de biogás estanse utilizando para xustificar o modelo
1329 das macrogranxas e beneficiando a grandes multinacionais (coma Ence)
1330 que xa están poxando no mercado para entrar no sector dos
1331 biofertilizantes e biocombustibles e conseguir os permisos pertinentes
1332 para implantarse nestas rexións.

1333 A oposición social que está a xerar entre a veciñanza este tipo de
1334 macroplantas de biogás en varios concellos como A Limia, Agolada, Antas
1335 de Ulla, etc. débese á falta de lexislación para este tipo de
1336 macroinstalacións, á contaminación dos acuíferos, á súa localización, aos
1337 cheiros emitidos, ás materias empregadas no proceso, ao uso dos
1338 dixestatos resultantes e ao movemento de transportes polas estradas.
1339 Mentres, as pequenas plantas de biogás para autoconsumo, tanto de
1340 enerxía coma en forma de calor, nas pequenas e medianas explotacións
1341 gandeiras son mellor acollidas pola veciñanza e a sociedade en xeral,
1342 porque buscan un modelo de autoxestión sostible co medio ambiente e
1343 coa contorna que as rodea. Os apoios económicos e públicos deberían ir
1344 nesa liña.

1345 D)-SERVIZOS ECOSISTÉMICOS: MERCANTILISMO OU SERVIZOS
1346 UNIVERSAIS.

1347 Os Servizos do Ecosistema (SE) son, sinxelamente, todos aqueles
1348 beneficios que a natureza aporta á sociedade. Dun tempo a esta parte
1349 veñen a denominarse así aquelas achegas que os montes e, máis en
1350 concreto, as Comunidades de Montes veciñais dun xeito continuado,
1351 xeneroso e desinteresado, dende a súa propia existencia, veñen facendo.

1352 Existe unha clasificación xenérica de servizos do ecosistema que
1353 poderían enunciarse como os espazos recreativos e de ocio, os
1354 aproveitamentos do monte, a captura de CO2 por parte da vexetación, o
1355 coidado e protección dos recursos hídricos, a conservación de elementos
1356 culturais e patrimoniais, a biodiversidade, etc.

1357 Dito doutro xeito, cantas Comunidades de montes fan centros
1358 culturais ou “teleclubs”, achegas a obras parroquiais, traídas de augas,
1359 rutas de sendeirismo, bicicleta ou a cabalo, manteñen bens de interese
1360 cultural (BIC) como petróglifos ou castros, bosques de frondosas e
1361 bosques produtores de materias primas renovables con produción
1362 madeireira ou cogumelos, espazos de investigación, divulgación e
1363 formación, etc, todo isto xerado e mantido polos propios comuneiros e
1364 gozado por toda a sociedade.

1365 Pero dun tempo a esta parte (sempre se deu pero agora máis
1366 intensamente), danse dúas cuestións primordiais: unha, a sociedade non
1367 recoñece o papel (nin a propiedade dos montes veciñais) no mantemento
1368 e xeración dos servizos do ecosistema, e dúas, hai un movemento
1369 económico creado ao redor dos servizos do ecosistema do cal as
1370 Comunidades de Montes non participan.

1371 Algúns exemplos concretos destes usos que xeran movementos
1372 económicos son:

1373 - Ciclistas, camiñantes, montañeiros, xinetes, cazadores, etc están
1374 federados e pagan unha ficha federativa, que a súa vez ten un seguro, e
1375 o espazo sobre o que se realiza a actividade deportiva non recibe ningunha
1376 contribución. Todos estes deportistas compran material deportivo ou
1377 manteñen animais, bicicletas, roupa técnica, cordas, escopetas, coches
1378 todoterreo, xerando un movemento económico e de novo o espazo sobre
1379 o cal as realizan non percibe nada en moitos dos casos. Por exemplo,
1380 centros ecuestres, empresas de ocio e tempo libre, universidades, coa
1381 participación tamén de multinacionais (Decathlon ou Amazon por
1382 exemplo), e de novo, o espazo no que se practican tampouco recibe
1383 contribución algunha.

1384 - Empresas de ocio e tempo libre, que usan os montes veciñais para
1385 facer probas, formacións ou simplemente actividades, guías, etc.

1386 Pero a lista sería interminable, xa que hoxe en día o lecer de boa
1387 parte da sociedade pasa polos montes veciñais como se demostrou na
1388 pandemia. O que non parece lóxico é que a día de hoxe a
1389 responsabilidade, custos e traballo para xerar e manter unha boa parte dos
1390 SE que a sociedade precisa na Galiza, sexa das Comunidades de Montes
1391 Veciñais e, ademais, tampouco parece lóxico que a responsabilidade de
1392 facer cumprir a lexislación xa existente por parte dos usuarios, recaia
1393 tamén nas Comunidades de Montes veciñais.

1394 Neste momento a realidade a pé do terreo é que o consumo de SE
1395 por parte da sociedade e entes en xeral é masivo, pero ao mesmo tempo
1396 esta sociedade e tódolos seus actores están totalmente de costas aos
1397 espazos que fan posible que inda se manteña un pouco de equilibrio
1398 ambiental na Galiza. Haberá que deixarlle claro a todos os consumidores
1399 de SE que a limpeza do ar, a auga que bebemos, os espazos de ocio, o
1400 aprovisionamento de consumibles sustentables, o control da erosión, a
1401 biodiversidade, etc saen da xestión das Comunidades de montes veciñais
1402 que máis que nunca precisan dun recoñecemento e apoio social dende
1403 tódolos puntos de vista, incluído o económico.

1404 Por todo isto urxe unha Lei dos Servizos do ecosistema que sirva de
1405 marco ao resto de leis medioambientais, que cuantifique, valore e
1406 monetice tales servizos, que regule o pago por estes servizos, que cubran
1407 o mantemento dos espazos que os xeran, analizando os SE de forma
1408 conxunta e que, ao mesmo tempo, regule a interacción entre si dos
1409 diferentes usos e aproveitamentos derivados dos SE. Con isto evitaríase
1410 que a recollida dos beneficios que un servizo produce derive en danos
1411 para outro SE. Esta lei debería incidir tamén na formación e información
1412 continua aos cativos e aos adultos, con exixencias de coñecemento. Non
1413 hai nada máis importante que o noso medio, e para iso hai que coñecelo,
1414 valoralo e compensalo....

1415 Dado que o monte veciñal é un ecosistema, a Consellaría do Medio
1416 Rural debería recoñecer e financiar os servizos ecosistémicos naqueles

1417 montes veciñais que os contemplan no seu instrumento de xestión,
1418 directamente ou sacando liñas de axudas para as comunidades de montes
1419 ao 100%. E de cara ao futuro, a consellaría debería modificar o decreto
1420 para as directrices dos instrumentos de xestión para que os servizos do
1421 ecosistema tiveran o mesmo valor que as cuestións forestais á hora de ser
1422 aprobados. Neste senso, ter un instrumento de xestión ou de ordenación
1423 e o cumprimento anual dos mesmos ten que ser suficiente para a
1424 certificación destes servizos; e non que estes servizos teñan que ser
1425 certificados por empresas privadas alleas. Os instrumentos de xestión dos
1426 montes veciñais son aprobados democraticamente polos seus titulares,
1427 son redactados por persoal cualificado e aprobados pola Xunta de Galiza.
1428 Vistos así, non poden ter menos valor que as certificacións feitas por
1429 empresas alleas á realidade do país, que no fondo están a defender os
1430 seus intereses empresariais.

1431 Nun futuro non moi lonxano os servizos ecosistémicos están
1432 chamados a ser un soporte, mesmo económico, para acadar e para manter
1433 un monte veciñal multifuncional e sustentábel. Claro que isto tamén o sabe
1434 o sistema capitalista, e tenta aproveitarse convertendo os servizos do
1435 ecosistema en produtos de mercado (os mercados son a clave para o
1436 funcionamento do sistema capitalista). Esta conversión ten un dobre
1437 sentido: facer un novo negocio cos servizos do ecosistema e pintar de
1438 verde as outras producións para que estas teñan unha maior aceptación
1439 social e, xa que logo, un maior negocio.

1440 A punta de lanza deste capitalismo verde é a Unión Europea.
1441 Empezou coa emisión de bonos de captura de CO₂, e nestes momentos
1442 está montando o que lle chama “créditos da natureza”. Mais temos que
1443 admitir que non ocultan as súas intencións. Para o primeiro dos casos
1444 creou un mercado de emisión de bonos de captura de CO₂ e para o
1445 segundo dos casos manifesta que o seu obxectivo é o de incentivar a
1446 inversión privada en actividades que preserven o medio natural e premiar
1447 ás entidades privadas que o fagan.

1448 Os gobernos dos estados son a representación democrática das
1449 sociedades que os conforman. Se os beneficios dos servizos
1450 ecosistémicos recaen na sociedade no seu conxunto, non fica dúbida de

1451 que teñen que ser considerados como servizos universais. Xa que logo, a
1452 xusta compensación aos titulares das terras que xeran estes servizos
1453 ecosistémicos ten que vir das sociedades a través dos gobernos. A
1454 Consellaría do Medio Rural debería elaborar unha táboa co valor
1455 económico dos diversos servizos ecosistémicos, para que sirvan de base
1456 para as necesarias compensacións.

1457 1-A captura do CO2.

1458 O decreto do goberno do Estado Español que regula o mercado de
1459 emisión de bonos da captura do CO2 parte da filosofía errónea de que “a
1460 empresa que contamina, se compra bonos de captura de emisións de
1461 CO2, pode seguir contaminando“. Ademais considera que as únicas
1462 masas boscosas que capturan CO2 son as que se planten en terras que
1463 padeceron un lume ou se cambien de uso. Polo tanto, é un decreto que
1464 fomenta a forestación de terras agrarias e mantén a industria do lume. E,
1465 aínda por riba, a contía da captura do CO2 da especie forestal baséase no
1466 crecemento da mesma, o que na realidade convértese nunha
1467 eucaliptización do monte galego. Podemos afirmar que este decreto é
1468 negativo para o territorio galego, para o monte galego e a para as
1469 poboacións que os habitan.

1470 Mais a negatividade deste decreto increméntase polo feito de
1471 converter un servizo ecosistémico que beneficia á sociedade no seu
1472 conxunto (un servizo universal) en produto de mercado. Isto supón que da
1473 captura do CO2, que é un recurso dos montes veciñais, a veciñanza
1474 comuneira somentes recibirá unha parte ou nada. As comunidades de
1475 montes son sociedade civil organizada que conxuga territorio, persoas e
1476 gobernanza democrática. Non son empresas, nin deben selo, en calquera
1477 das súas fórmulas. Se as comunidades se converten en empresas os
1478 montes veciñais deixarán de ser titularidades de carácter xermánico.
1479 Deixarían de ser titularidades comunitarias.

1480 Salvo moi raras excepcións, as comunidades de montes non están
1481 capacitadas para competir no mercado coas empresas, xa que no sistema
1482 capitalista no que vivimos son as empresas as que coñecen os
1483 mecanismos do mercado, as que o controlan. Neste mercado de bonos de

1484 emisión de CO₂, salvo moi raras excepcións, as comunidades de montes
1485 só poden aspirar a algunha tallada do valor do prezo da venda dos bonos
1486 de emisión (caso de que cedan a xestión da emisión destes bonos a
1487 algunha asociación ou consultoría); ou mesmo nada se asinan contratos
1488 coas empresas que, a cambio do valor da madeira na quenda de corta,
1489 faltaría máis, quedan con todo o valor da venda das emisións dos bonos
1490 de captura do CO₂.

1491 A alternativa ten que pasar porque o goberno da Xunta de Galiza
1492 considere que a captura do CO₂ que levan a cabo as masas forestais sexa
1493 considerada como un servizo ecosistémico universal e que as
1494 compensacións xustas que por prestar este servizo teñen que recibir os
1495 titulares das terras sexan mediante pago directo ou mediante liñas de
1496 axudas. Ademais de elaborar unha normativa que recolla que todas as
1497 masas forestais e vexetais capturan CO₂, que tamén o capturan as masas
1498 forestais ordenadas nos instrumentos de xestión, que a medida de captura
1499 do CO₂ non pode basearse somentes no medre da madeira, que hai que
1500 incluír outros parámetros de índole social e medioambiental e que
1501 recoñeza que a madeira, unha vez cortada, segundo sexa o seu destino
1502 final, tamén segue capturando CO₂.

1503 2-O uso social.

1504 Entendemos como función social que levan adiante os montes
1505 veciñais todas aquelas actividades que se desenvolven na súa superficie,
1506 tanto pola veciñanza comuneira como pola veciñanza que non ostenta tal
1507 condición. Estamos a falar, entre outras, de actividades de: goce das áreas
1508 de lecer, rotas de sendeirismo, prácticas de deporte ao ar libre, excursións,
1509 visitas a restos patrimoniais e etnográficos... Dado que os montes veciñais
1510 son (e deben seguir sendo), terras abertas por mor do seu carácter de
1511 titularidade xermánica, estes servizos ecosistémicos son, se cadra, os
1512 máis universais, porque son desfrutados pola sociedade no seu conxunto
1513 de forma aberta.

1514 Se restrinximos o goce destes servizos ecosistémicos ou se pomos
1515 un prezo para que poidan ser desfrutados, as comunidades de montes
1516 estaríamos a converter estes servizos ecosistémicos en produtos de

1517 mercado e dándolles a razón aos intereses capitalistas, especulativos e
1518 urbanísticos que pretenden a privatización dos montes veciñais.

1519 Hai dous xeitos de desfrutar destes servizos ecosistémicos: os
1520 organizados por entidades de diversa índole e os desfrutados de xeito
1521 individual. Mais a lexislación vixente dita que dos accidentes e incidentes
1522 que poidan derivarse da práctica destas actividades a responsabilidade
1523 civil e penal é das comunidades de montes. E hai que ter en conta que
1524 algunhas destas actividades son de alto risco (montañismo, escalada e
1525 mesmo deportes con rodas).

1526 Partindo desta base, toda esta actividade social, agás o goce de xeito
1527 individual, ten que estar autorizada pola comunidade de montes. A
1528 alternativa é reivindicar que a Xunta de Galiza (a representación
1529 democrática da sociedade que goza destes servizos ecosistémicos) dote
1530 ás comunidades de montes dun seguro de responsabilidade civil que
1531 cubra todos os accidentes que puideran derivarse da práctica destas
1532 actividades. De todas. Porque, se ben é certo que as organizadas por
1533 entidades veñen acompañadas dun seguro de responsabilidade civil,
1534 tamén é certo que, no caso de que as indemnizacións que se pidan polos
1535 accidentes ou incidentes superen a cobertura do seguro, a diferenza ten
1536 que sufragala a comunidade de montes.

1537 As actuacións que leven adiante as comunidades de montes para
1538 manter ou mellorar estes servizos ecosistémicos teñen que estar recollidas
1539 en liñas de axudas específicas sacadas polas consellarías
1540 correspondentes. E se para conseguir as licenzas de obras
1541 correspondentes se precisaran informes sectoriais, tería que ser a
1542 administración pública a que os fixera. Os funcionarios e as funcionarias
1543 son pagados pola sociedade, xa que logo, no seu salario está incluído o
1544 traballar para a sociedade. Non en van estamos a falar de actividades das
1545 que se beneficia a sociedade no seu conxunto.

1546 Mención especial merece a cuestión da importante existencia nos
1547 montes veciñais de restos patrimoniais (castros, petróglifos, mámoas...
1548 Algúns destes restos patrimoniais están considerados como Bens de
1549 Interese Cultural (BIC), o que supón que, se non están en terreos públicos,

1550 os titulares das terras onde se asentan están obrigados a protexelos e a
1551 conservalos. As comunidades de montes non cuestionamos esta filosofía,
1552 máis ben o contrario. Estamos orgullosas de ter nos nosos montes veciñais
1553 un patrimonio que é da toda a sociedade. Tanto é así que non poucas
1554 comunidades de montes, cos seus orzamentos, teñen posto en valor estes
1555 restos patrimoniais, mantéñenos e consérvanos. O problema atópase na
1556 lexislación do patrimonio de Galiza, no que fai respecto dos restos
1557 patrimoniais que existen nos montes veciñais. Porque foi unha lei
1558 deseñada en despachos, sen subir ao monte; é unha lei arbitraria e
1559 negativa. Se se cumprise na totalidade esta lexislación, os montes veciñais
1560 que tivesen restos patrimoniais terían que estar a ermo, sen ningún tipo de
1561 aproveitamento e mesmo non poderían ter plans de ordenación. As
1562 persoas lexisladoras deberían darse conta de que isto significaría que no
1563 medio prazo o monte veciñal quedaría en estado de abandono. E todos e
1564 todas sabemos que logo do abandono veñen os lumes, que supoñen
1565 eliminación do monte e destrución dos restos patrimoniais. É tan negativa
1566 esta lexislación que mesmo se poden escoitar frases de comunidades de
1567 montes que, aínda que non se compartan, si se poden comprender, como:
1568 “ogallá no noso monte veciñal non houbera restos patrimoniais“.

1569 Faise pois necesario reivindicar a elaboración dunha normativa que,
1570 partindo da base da conservación e protección dos restos patrimoniais,
1571 posibilite acadar un monte veciñal multifuncional. E para elaborar esta
1572 normativa non estaría mal que os lexisladores e lexisladoras de despacho
1573 ollaran a aquelas comunidades de montes que puxeron en valor os seus
1574 restos patrimoniais.

1575 Os restos patrimoniais encaixan totalmente no concepto de servizo
1576 ecosistémico de tipo social e de carácter universal ao que hai que engadir
1577 un aspecto cultural. A posta en valor destes restos patrimoniais por parte
1578 das comunidades de montes debe levarse adiante nos mesmos
1579 parámetros que os propostos para os servizos ecosistémicos de carácter
1580 social.

1581 3-A función medioambiental.

1582 Entre as funcións medioambientais que cumpren os montes veciñais
1583 e que son servizos ecosistémicos universais podemos citar a protección
1584 do solo e da auga (combater a erosión do solo, reter a auga do solo,
1585 recarga de acuíferos...), regulación do clima (loita contra o cambio
1586 climático, regulación da temperatura), conservación da biodiversidade
1587 (supervivencia das especies vexetais e animais). Mais para que os montes
1588 veciñais cumpran estas funcións teñen que estar xestionados, xa que, se
1589 están abandonados, serán pasto dos lumes. Lumes que non son só
1590 forestais, senón que son do territorio, porque non arden só as árbores,
1591 arde todo o que está no territorio. Esta xestión do monte veciñal levada
1592 adiante polas comunidades de montes e da que se beneficiaría a
1593 sociedade no seu conxunto, ten un custe económico para estas. Parece
1594 lóxico que as comunidades de montes reciban compensacións por este
1595 servizo universal.

1596 Nos múltiples aproveitamentos que deben ter os montes veciñais, a
1597 función medioambiental ten que ser transversal, xa que non é somentes
1598 que o medio ambiente sexa a casa común, é que nós mesmos formamos
1599 parte indisociábel da natureza. Salvo en casos excepcionais, como poden
1600 ser montes protexidos de grande valor medioambiental ou paisaxístico (o
1601 relicto bosque atlántico, as fragas ou as áreas restrinxidas de protección),
1602 debemos fuxir do camiño que nos pode levar a unha idea romántica e
1603 paternalista dos montes como reservorio de natureza intocábel. Primeiro
1604 porque cada milímetro está manexado pola humanidade dende hai
1605 milleiros de anos e segundo porque a función medioambiental non debe
1606 ser compartimentada, senón que debe estar presente en todos e cada un
1607 dos múltiples usos dos montes veciñais.

1608 Igal que nos restantes servizos ecosistémicos que prestan os
1609 montes veciñais en beneficio de toda a sociedade, ten que ser o goberno
1610 galego quen compense ás comunidades de montes por estes servizos.
1611 Compensacións que deben ser directas nas comunidades de montes con
1612 pouca poboación ou de alta montaña, e liñas de axudas para o resto das
1613 comunidades de montes. Faise necesario pór nun primeiro plano a
1614 reivindicación daquela liña de axudas denominadas “Valoración integral do
1615 monte veciñal e a aposta pola súa multifuncionalidade”, sacadas pola
1616 Consellaría do Medio Rural do goberno bipartito e eliminadas pola

1617 Consellaría do Medio Rural do Partido Popular. Así como naquelas
1618 actuacións de posta en valor de servizos ecosistémicos que precisen
1619 informes sectoriais, estes os faga directamente a Administración Pública
1620 Galega.

1621 4-A auga como negocio capitalista.

1622 A auga é un elemento indispensable nos ecosistemas naturais, nas
1623 nosas vidas e como parte da nosa economía, é un recurso esencial e
1624 limitado, de aí que o seu coidado sexa necesario.

1625 A xeografía galega presenta unha terra moldeada pola auga. As
1626 precipitacións abastecen de auga ás reservas subterráneas e aos
1627 diferentes cursos naturais que en forma de mil ríos, regatos, lagos,
1628 turbeiras ou brañas serpean polo noso territorio conformando unha trama
1629 de múltiples concas hidrolóxicas e corredores ecolóxicos fluviais e de
1630 ribeira.

1631 Os montes son un gran reservorio natural de auga, a súa estrutura
1632 esponxosa actúa como importante regulador dos ciclos da auga. Un monte
1633 ben xestionado dende un punto de vista hidrolóxico, consegue reter as
1634 precipitacións en forma de néboas e choivas, reducindo os picos de
1635 inundación e erosión augas abaixo. Posteriormente, toda a auga retida
1636 libérase paseniñamente dando lugar ao nacemento de mananciais, minas
1637 e fontes, sendo deste xeito máis útil e accesible para a veciñanza e os
1638 ecosistemas naturais.

1639 A xestión e o aproveitamento colectivo destas augas sempre foi unha
1640 peza clave da cultura, do patrimonio e da paisaxe rural galega. En moitos
1641 lugares esa auga dos nosos montes vai para as vivendas (traídas
1642 veciñais), tamén é o inicio de moitas levadas e presas para o seu uso como
1643 sistemas de rega tradicional e compatibles co uso para o funcionamento
1644 dos muíños e os puntos de auga contra incendios.

1645 Nos últimos tempos, diversos factores externos como as condicións
1646 meteorolóxicas están a provocar que sexan máis frecuentes as secas,
1647 incrementando o interese capitalista por privatizar este recurso e xerando

1648 un produto de mercado. Ante a crecente preocupación por esta situación
1649 deberíamos poñer o foco na súa xestión comunitaria, defendendo unha
1650 xestión sostible, segura e democrática. Neste aspecto, o labor das
1651 comunidades de augas é imprescindible, garantindo o acceso á auga e
1652 promovendo a súa autoxestión.

1653 Ademais da propia utilidade que teñen as comunidades de regantes
1654 como un motor para fomentar a produtividade das terras agrarias, é
1655 necesario recoñecer o labor esencial que teñen tamén as traídas veciñais
1656 para garantir o acceso da veciñanza á auga potable.

1657 Recoñecer o labor que fan os nosos montes veciñais a favor da
1658 xestión colectiva destas comunidades de augas é esencial para o futuro
1659 do noso territorio e fundamental no ámbito rural. Neste senso a Consellaría
1660 do Medio Rural e a Consellaría de Medio Ambiente deberían ter nas súas
1661 funcións atender aos ecosistemas hidrolóxicos coma se merecen, evitando
1662 os seus acaparamentos agresivos e mercantilistas, inspeccionando de
1663 oficio a aplicación da lei de augas de Galiza. Como por exemplo a
1664 obrigatoriedade de deixar un caudal ecolóxico nos encoros para o ascenso
1665 de troitas e salmóns (actualmente catalogada coma especie ameazada),
1666 facer un control da contaminación das augas con produtos químicos ou
1667 con altos niveis de abonos nitroxenados ou aplicar controis nas zonas de
1668 policía das canles fluviais para evitar as repoboacións de especies con alto
1669 consumo de auga como o eucalipto. Os investigadores recomendan que
1670 se teña en conta a influencia das plantacións de *eucaliptos* sobre a
1671 diminución das reservas e as descargas de auga no manexo das conchas
1672 hidrolóxicas e recomendan evitar a desaparición das especies de ribeira
1673 que fan a función de filtración e agarre da terra e funcionan como
1674 corredores ecolóxicos.